

# andaina



# andaina 37

## SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 12 Hemeroteca Andaina
- 14 Manifesto contra o sexismo da LOCE
- 16 Maternidade social: unha ficción
- [Dossier] 19 **Violencia contra as mulleres**
- 30 Muller, cigana, lesbiana
- [Entrevista] 33 **Renata Pallottini**
- 41 **Veos sobre as mulleres:**  
A polémica dos signos relixiosos na escola pública desde unha perspectiva intercultural
- 44 **Lembranzas dunha época:**  
**Chita, coidadora de nenos**
- 46 **Medea: a paixón e os ciumes condeados**
- [Libros] 52 **Apaga e vamo-nos**
- 54 **Mulleres exiliadas tras a guerra civil**

Revista Galega de  
Pensamento Feminista

Primavera, 2004

Apdo. 1058  
Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

#### CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,  
Berta Rey, Milagros Becerra,  
Felicía Estévez, Laura Gómez e  
Ana Luisa Bouza

#### COLABORAN NESTE NÚMERO

Sabela Álvarez, Lidia Novoa,  
Ana Arellano, Laura Gómez,  
Mariana Ruíz de Lobera,  
Iria Estevez, Ana Fraga, N.S.C.  
e Celia Balboa

DESEÑO GRÁFICO  
CEBRA

IMPRIME  
Grafisant, S. L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente  
coas opinións dos artigos que aparecen  
nesta revista

# EDITORIAL

**Toques non é o mundo, nin siquiera Galiza porén expresa aspectos, comportamentos, xeitos de valorar asuntos cos que convivimos en tantos lugares do mundo.**

O Alcalde, un servidor público é condenado por abusos sexuais a unha menor (16 anos). E non dimite, e expulsa con agresividade e violencia os fotógrafos e cámaras do pleno municipal.

Os Concelleiros do seu mesmo partido explican aos Medios de Comunicación que *iso é algo persoal* que lle pode pasar a calquera, que eles apoian ao seu alcalde e vano seguir facendo.

O Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Fraga Iribarne, mosquéase cos Medios de Comunicación que poñen en evidencia a «un dos seus» e di que quen denuncia a ese Alcalde, e os que protestan porque non dimite e cantas persoas non calan perante o delicto cometido son uns hipócritas. Hipócritas porque defenderon e defenden o aborto, o amor libre, as parellas de feito (e incluso do mesmo sexo) e ao lado de todo iso o de Jesús Ares, Alcalde de Toques, é unha menudencia.

As imaxes que puidemos ver en TV do Alcalde e os seus Concelleiros empurrando a fotógrafos e cámaras e botándoos do salón de Plenos, daban medo. MEDO.

Que unha persoa na súa vida privada teña un arrebatado e se deixe levar por el, explica caracteres, temperamentos, tempes.

Que *servidores públicos* en acto de servizo fagan tal é lamentábel. Se sumamos a isto as ideas

que motivan tales comportamentos –un delicto é un asunto persoal; un abuso sexual a unha menor é unha menudencia; pódenos pasar a calquera– o MEDO agrándase.

Non está tipificado en ningures o delicto de apoloxía do abuso sexual, porén que un exministro de Franco e Presidente Institucional de Galicia diga o que dixo en público e nos Medios de Comunicación é escandaloso.

Logo xa dá igual que Palmou quixese enmendar, que Rajoy se acorde de Fraga, que...

Fraga Iribarne, os seus Concelleiros, Alcaldes, Concelleiros e milleiros de seguidores (con honrosas excepcións) seguen instalados na idea de que isto *das mulleres, o feminismo, o sexo, a sexualidade, son un incordio, aínda que... votos obrigan!*

O Servizo Galego de Igualdade, a Consellería de Familia, Muller e Xuventude, as mulleres que ocupan cargos públicos no PP, onde estaban cando escoitaron as palabriñas de Fraga? Onde esta-



ban cando escoitaron aos concelleiros de Toques dicir que a comisión dun delicto é un asunto persoal? É admirábel que cargos públicos fagan e digan cousas así e ninguén dos seus os obriguen a rectificar.

Toques non é o mundo. Non é Galiza, desde logo, pero expresa ben unha parte do país que resiste, que vén de vello e desexa seguir proxectando a súa sombra para manter e facer medrar privilexios, prebendas, dereitos de pernada, coenxías... PODER en suma.

E en Toques, que tamén é Galiza e tamén é o mundo, esa menor e quen a apoiou, resistindo as apisoadoras, que vulnerando as leis, e, ao amparo dos seus cargos públicos, queren pisar dereitos e dignidade de seres humanos con nome e apelidos. █

«SEGURIDADE SOCIAL COMO CAMAREIRAS DE ALTERNE»

Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía obriga os donos dun local de alterne a dar de alta na Seguridade Social como *camareiras de alterne* a 12 mulleres por entender que existía unha relación laboral entre elas e os propietarios.

A sentenza que ao sentar xurisprudencia vai enchendo o vacío legal existente, sulfurou unhas xentes e alegrou outras:

Unhas, as organizacións e persoas que opinan que exercer a prostitución é un atentado á dignidade e regulamentar as súas condicións laborais léxítimar unha práctica de violencia contra as mulleres.

Outras, as persoas e organizacións que desexan a desaparición da clandestinidade e do estigma para o que se precisa que as persoas traballadoras do sexo teñan dereitos (alta na S.S. por conta allea, autónomas, cooperativas...); cotizar e ter dereito ás prestacións que asisten a outros traballadores (desemprego, permiso de maternidade, vacacións, baixas por enfermidade).

María José Barrera de AMEP (Asociación de Mulleres que exercen a Prostitución) apunta: *Estamos cheas de que todo o mundo saiba o que nos pasa, o que nos fai falta e o que pensamos sen que ninguén nos escoite.*

O negocio clandestino move ao ano –segundo estimacións– uns 18.000.000 de 1 (dous billóns de pesetas), dados de ANELA (Asociación de Empresarios dos Locais de Alterne).



O 5 de febreiro de 2004 celebrouse o seminario «Judith Butler: Pensamento feminista e teoría *queer*», dirixido por Elvira Burgos da Universidade de Zaragoza e coordinado por Purificación Mayobre, da Cátedra de Estudos Feministas Caixanova da Universidade de Vigo, no campus de Ourense. Web de información de teoría *queer*:

<http://webs.uvigo.es/pmayobre>

Que tal este anuncio publicado en prensa?



**María del Carmen Lojo Barreiro** a quen a súa nai botou ácido sulfúrico no Xulgado de Pontevedra hai tres anos, queimándoa por ter denunciado o seu pai, confesa agora o seu medo. Medo aos seus pais, ao que lle poidan facer cando saian do cárcere. A ela ou a súa nena, por iso decide marchar de Galicia. *Tento tirar para diante, máis aínda pola miña nena. Non quero que vexa tristura, desexo que vexa ledicia e para iso teño que estar ben.* O 28 de novembro do 2003 o Tribunal Supremo condeaba o Estado a indemnizala con 230.0001.



**Carolina Robertson**, especialista en etnomusicoloxía na Universidade de Maryland estivo en Galiza en decembro do 2003 participando nas sesións do primeiro Curso Universitario de Especialización en Música Tradicional Galega da que non dubidou en sinalar a súa grande riqueza e o talento e xuventude de moitos músicos.



Falou do Poder de Sanación da Música, algo que saben e practican moitos pobos de culturas ancestrais e en lugares tan distantes e distintos como os indios mapuches na Patagonia ou entre pobos hindús e budistas, en Hawai ou en Ghana.

Neste poder de sanación da música o CANTO ten un poder particular, esixe máis do corpo e os sons poden cambiar cousas no organismo. O son é vibración, enerxía, traspasa a pel e pode cambiar o ritmo dos líquidos e da espiña dorsal. Ten, a palabra ben o di, o poder do ENCANTAMENTO.

Ela investiga o impacto do son na neuroloxía da persoa e tamén a estética das sensacións.

Nos pobos de cultura tradicionais a medicina non se aplica só o enfermo senón a todo o entorno. O obxectivo do rito é *Abrir portas que pecha o medo á enfermidade, á dor e á morte.*

Nas chamadas culturas «civilizadas» de vello coñécense episodios relevantes do poder da música para sandar, para arrincar da morte ou para estados de catarse ou trance (tan evidentes hoxe nalgúns concertos multitudinarios).

Non fala Carolina R. de variñas máxicas (que algúns profetas da musicoterapia predicán como infalibles), fala de estudos antropolóxicos, de experiencias, de medicinas eficaces porén non máxicas nin infalibles.

Agora quere estudar a creatividade dos presos políticos da dictadura Arxentina para sobrevivir. 📖



Os disparos israelís mataron o seu marido na franxa de Gaza. Cousas así e peores acontecen a oito e Sharon advirte os palestinos de que a súa paciencia se esgota mentres seguen as obras do muro.

Denominación de orixe USA, Europa rica ou israelí deben ter os seres humanos ao lado da carne palestina, que non vale nada. 📖

## MARGARITA LEDO



Margarita Ledo dirixe a súa primeira longametraxe (case 90 minutos de duración), o documental *Santa Liberdade* sobre o secuestro do trasatlántico Santa María que un comando formado por galegos e portugueses levou a cabo no ano 1961 como denuncia contras as ditaduras de Franco e Salazar. O documental ofrece declaracións de tres dos participantes no asalto, Federico Fernández Ackerman, Camilo Tabares Mertágua e Víctor Velo Pérez, membros do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación). 📖

## «Principais problemas en España»

No barómetro de outubro do CIS presentado o 24 de novembro do 2003 figura entre outras cousas o seguinte:  
Principais problemas en España (cifras en %)

En xeral	
Paro	62,5
Terrorismo	41,9
Inseguridade cidadá	29,7
Vivenda	18,3
Problemas económicos	13,7

Non chama algo a atención que os asasinatos de mulleres por maridos, exmaridos, noivos, exparellas (que nesa altura do ano xa pasan de 60) non estean entre os seis primeiros problemas?

Será, tal vez que é ao CIS a quen este asunto non lle preocupa? ☒

Os premios que outorga a Academia de Cinematografía, os Goya máis importantes recaeron nesta edición en traballos de directoras, con guións e filmes de temática social comprometida.



*Te doy mis ojos*, de Icíar Bollaín, recibiu sete Goyas: a mellor película, mellor dirección, mellor actriz principal, mellor actor principal, mellor actriz de reparto, mellor guión orixinal e mellor son.

Ángeles González Sinde recibiu o Goya á mellor dirección novel por *La suerte dormida. Mi vida sin mí*, de Isabel Coixet, acadou o Goya ao mellor guión adaptado. ☒

Este é o organigrama provincial da comisión de goberno da recém estreada Deputación Provincial de A Coruña.

Podemos albriariarnos que de nove (9) persoas que conforman a comisión de goberno haxa unha (1) muller: Margarida Vázquez.

### O ORGANIGRAMA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA



Podemos laiarnos, tamén de que nos tempos que andamos, alí onde hai cumios bancarios, gobernos, comisións executivas e outros clubs selectos de poder... os ELES sexan abrumadores en número.

Todo isto non impide que nas horas electorais (calquera clase de eleccións) o «tema muller» se manexa sen taxa e todos sen excepción esgrimen a cuestión e abandeirana sen pudor.

Outro día falamos do tipo de responsabilidades que logo se lles asignan a elas e cales a eles. ☒

**dorian**  
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 563 677

## LEMBRADES AFGANISTAN?

Lembrades que os exércitos de diversos países comandados por USA fixeron ali unha guerra para librar o país de *talibáns*, de escolas coránicas, para librar as mulleres dos terribles *burkas*, para facer un país democrático como debe ser? Lembrades?

SAHAR SABAA, en representación de RAWA, dínos agora cos seus 30 anos que tal vez xa esqueceramos

de que Afganistán está no mapa, que as súas principais cidades (Kabul e Kandahar) seguen alí e que Hamid Karzai, xefe do goberno apoiado polas forzas estadounidenses está a punto de aprobar unha Constitución coas novas regras do xogo.

Pouco cambiou aquilo.

Karzai é unha marioneta, prisioneiro en mans da Alianza do Norte.

Lembra a época dos *yihadistas*, guerrilleiros afganos que tomaron Kabul en 1992 e sumiron o país nun estado de terror no que secuestros, violacións, encarceramentos e mortes eran algo frecuente. Pois eses son os mesmos que hoxe se fixeron co poder co apoio dos EE. UU. de Norteamérica, os mesmos que impuxeron o burka ás mulleres.

As xentes pensan que desde que chegaron os americanos as mulleres non levan xa burka pero o 80% seguen levándoo. Seguen os secuestros e violacións cotiás en cáseque todo o país onde reina

grande inseguranza. Só en Kabul se vive algo máis seguro pola presenza das Nacións Unidas e porque se fai figurar como escaparate... pero Afganistán non é só Kabul e hai 24.000.000 de habitantes.

As mulleres de RAWA, organización fundada en 1977 por mulleres afganas para defender valores

democráticos e que sobreviveu na clandestinidade á invasión soviética (1979), aos *muyahidin* (1992), aos *talibáns* logo, á guerra, aos 11-S e á actual postguerra.

Unhas 2000 activistas traballan en educación, en asistencia sanitaria e en temas laborais con mulleres e nenos sempre ignoradas por uns e outros.

Estas mulleres defenden un estado laico e opoñen-se

á Constitución que declara o país República Islámica Presidencialista, sendo o Islam relixión oficial.

«Moderniza» Afganistan cunha economía de mercado, pero NADA de reforma Agraria que obribe a un reparto de terras e tire do poder os señores feudais que someten a homes e mulleres campesiños e sosteñen o fundamentalismo, igual que as nove mulleres que estiveron na Comisión Constitucional.

Algo falla di Sahar Sabaa, cando até ela mesma segue ocultando o seu rostro. ☒



A marcha das 3000 mulleres en Colombia que desde distintos puntos do país recorreron distancias quilométricas (até 1200 km) para chegar a PUTUMAYO, ao sur do país, manifestando-se contra a guerra sob o eslogan:

*Nin un fillo máis, nin un peso máis, nin un día máis para a guerra*

Atreveron-se a crear a Ruta Pacífica de Mulleres, avisando á guerrilla e aos paramilitares de que convertesen en corredores humanitarios os traxectos que programaron percorrer. Varias líderes asasinadas foron homenaxeadas nesta fermosa marcha: Luz Marina Garzón, presidenta do Comité de Dereitos Humanos de Villa Garzón; Esperanza Amarís, vendedora de Lotería...

Elas, tamén visten loito neste día, MULLERES DE NEGRO (movimento internacional que nasceu en Israel) porén tivo e ten abono abondo en milleiros de lugares da terra. En Colombia desde logo. ☒

**Nin un fillo máis,  
nin un peso máis,  
nin un día máis para  
a guerra**



Blusóns amplos, roupóns e longas saias. Á minisaia esgotouse o tempo e non está de moda.

Haberá que levar veo islámico

Os guias espirituais vixiarán que se cumpran estes mandamentos morais facendo visitas inesperadas a comercios, oficinas...

O alcalde da capital do Estado, Sulaiman Abdulá, avisou aos patronos que non obriguen ás súas traballadoras a cumprir estes códigos que poden ver fechados os seus establecementos ou recibir multas de 65 \$.

Esta é a política que defende o goberno de MALASIA no estado de Terengganu e que expresou por boca do xefe do goberno Abdul Hadi Awang.

Manohary Subramaniam, voceira dun dos principais grupos de mulleres, sinalou que a medida IMPON os valores dunha relixión a practicantes de outra, o que viola os dereitos fundamentais do ser humano.

Non esquezades mirar no mapa. Este tamén é un xeito de aprender xeografía. ☒

¡ABAIXO AS ROUPAS SUXERENTES!

## JEB BUSH

Jeb Bush, gobernador de Florida ¿Lembran os trasegos e recontos de papeletas nas eleccións presidenciais USA? ¿Lembran aquilo da República referíndose a España cando veu por estes pagos?, bueno pois ese mesmo Jeb pediu aos Tribunais nomear un

TITOR LEGAL PARA O FETO dunha muller discapacitada mental.

Afortunadamente o Tribunal de apelacións rexeitou a petición: *Para poder nomear un tutor legal o FETO tería que ser definido como persoa e non existe en tal sentido ningunha lei nin precedente legal.*

Un dos tres maxistrados do Tribunal que tomou a decisión subliñou as graves implicacións de que o Estado tome o control do corpo da muller ¿Debe ter o Estado autoridade para prohibir a unha muller embarazada que fume ou beba?

Imaxinemos que tivese sido aceptada. Impediría que a xove abortase –se ese fose o seu desexo– e sentaría un precedente legal para casos semellantes.

O titor pedira-o a muller que xa deu a luz e Jeb Bush apoiou-na, pero... non perdan a esperanza.

O voceiro de Bush dixo que estudiaban recorrer a sentenza ☒


## MATRIMONIOS E DIVORCIOS EN ESPAÑA

Desde 1981 que se aproboi a Lei de Divorcio, o número de matrimonios que usaron esta lei superou o millón. A porcentaxe de roturas estimase que é dunha por cada 1000 habitantes (a media europea é de 1,9/1000).

A lei española obriga a pasar dúas veces polo xulgado: primeiro separación e posteriormente, divorcio. A lexislación xeral europea permite o acceso directo ó divorcio.


A maior porcentaxe de separación concéntrase na franxa de idade entre 35 e 39. ☒

Matrimonios en España



Fonte: Eurostat 2002, Consejo General del Poder Judicial e INE

Separacións e divorcios en España



## T.A.T.U.



Tamén o lesbianismo vende: pregunten-lle-lo ao dúo de cantantes rusas t.A.T.u. formado por Yulia Volkova e Lena Katina. Fixeron fama gracias aos beixos apaixonados na cena. Agora din que teñen noivos e «o delas» era unha «pose artística».

Lesbianas e maricas do mundo aproveitade para saír do armario sen complexos. Se algo non vai ben xa sabedes: «pose artística». ☒



FISCAIS PROGRESISTAS ven inconstitucional proibir as vodas gais. A sección de Valencia da Unión Progresista de Fiscais (UPF) cren que os artigos 66 e 67 (*marido e muller son iguais en dereitos e deben respectarse mutuamente...*) do Código Civil son inconstitucionais xa que impeden os matrimonios de homosexuais varóns ou lesbianas.

Os redactores do documento lembran que a Constitución limitábase a recoñecer *que O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica*, e cren que isto ampara o matrimonio entre gais e lesbianas dada a consagración constitucional de igualdade ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de sexo (...) ou calquera circunstancia persoal ou social.

Antonio Camacho, portavoz da UPF comparte a análise dos seus compañeiros e cre que o secretario da Unión Progresista de Fiscais asumirá o seu documento. ☞

## AS VODAS E



## MARIANNE

**MARIANNE ERIKSSON**, pedagoga, eurodeputada sueca e de militancia comunista, lanzou a metade de xaneiro do 2004 unha CRUZADA para frear as experiencias desenvolvidas en países como Alemania e Holanda para regular a prostitución. Legalízala é, segundo ela, *abandoar á muller ao traballo máis degradante do mundo*, o que a leva a esta campaña para redimir as putas de semellante degradación. Solicitou a axuda de Janice Raymond da Universidade de Massachusetts e entre ambas redactaron o texto que presentaron en Bruxelas. Ningún distingo entre prostitución forzada e non forzada e para seguir metendo todo no mesmo caldeiro piden resolucións contra a publicidade sexista –tema controvertido– e a elaboración de estudos para examinar o comportamento sexual dos varóns.

Dá a impresión de que só ven as mulleres como VÍCTIMAS, xamais como seres capaces de tomar decisións e sempre colocadas no lugar da inocencia á par que unha idea do comportamento sexual masculino espantoso.

Algúns feminismos teñen creado DOGMAS que agora reclaman para o seu cumprimento castigos, censuras, redención e penitencias.

¡Para esta viaxe...! ☞

## 5.000 persoas viven na probeza en Santiago.

Probeza extrema: carecen do necesario para satisfacer necesidades básicas: alimentación e acobillo.

Entre 5000 e 6000 persoas viven en situación de extrema probeza. Os seus ingresos non cubren o imprescindible. Entre os colectivos máis afectados están os inmigrantes (latinoamericanos, chineses e do Leste de Europa).

Ao seu lado e con moitísima indiferencia vivimos miles de seres inmersos na sociedade de consumo. Que tiramos alimento, roupa, malgastamos e contribuímos tamén a estragar e contaminar o medioambiente

Só porque algunhas persoas tivemos golpes de fortuna millores: familia, xeografía, traballo, estudos, apoios e ir no amplísimo bando dos gañadores. ☞

## Manifesto da Coordinadora Galega da Marcha

As mulleres de Europa en marcha por unha Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade

A Marcha Mundial representa a vontade firme que temos as mulleres para cambiar o mundo. Queremos acabar coa pobreza e a violencia. Temos solucións e alternativas para construír un outro mundo. Desde os cinco continentes as mulleres nos unimos para marchar baixo 17 puntos dunha táboa reivindicativa común. Agora seguimos marchando, traballando nunha Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade, un manifesto global onde se recollan as alternativas feministas para que un outro mundo sexa posíbel. Unha Carta que vai servir para interpelar aos gobernos e as institucións económicas e políticas e demandarlles cambios profundos que erradiquen a pobreza e a violencia.

berdade, Igualdade e Democracia. Xuntarémonos para manifestarnos, intercambiar experiencias, facernos ver e ouvir.

As nosas conclusións sumaranse ás de milleiros de mulleres en todo o mundo para conseguir a redacción definitiva desa Carta Mundial.

O punto de encontro é a cidade de Vigo, na Galicia, unha cidade aberta ao mar, desde onde enviaremos as nosas propostas ás mulleres doutros continentes. Alí estaremos todas, non faltedes.

Marchamos por unha Europa plural, de culturas, credos, linguas e opcións sexuais; unha Europa onde as persoas e os pobos sexan diferentes mais non desiguais.

Unha Europa de portas abertas, acolledora, hospitalaria, que non discrimine entre nativas e emigrantes, que non expulse do seu seo a quen busca refuxio; Unha Europa onde a cidadanía non sexa un

política activa de prevención e cesamento das agresións armadas.


Unha Europa onde os dereitos humanos inclúan os dereitos económicos, sociais, e políticos; onde o traballo, a vivenda, a educación, a saúde e os recursos non estean rexidos polos intereses económicos duns poucos.

Unha Europa comprometida coa eliminación da desigualdade entre homes e mulleres.

Unha Europa onde os dereitos sexuais e reproductivos das mulleres estean garantidos na lei e na práctica.

Unha Europa onde a violencia de xénero, os prexuízos sexistas, o machismo, a división do traballo, a dobre xornada e a discriminación, desaparezan da vida cotiá das mulleres e onde os gobernos teñan o firme compromiso da súa erradicación.

Unha Europa sen prepotencia e sen prexuízos, onde a igualdade, a xustiza, a solidariedade, sexan tan



As mulleres europeas da Marcha Mundial levamos tempo traballando xuntas nestas alternativas. Queremos aportar á Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade a Europa que queremos construír, a Europa na que queremos vivir. Para iso imos realizar unha Mobilización Europea de Mulleres. Xuntarémonos para debater que temos que dicir as mulleres europeas en canto a Dereitos Universais, en canto a Economía, Ecoloxía, Li-

dereito reservado para uns poucos.

Unha Europa comprometida co resto do mundo, co medio ambiente e o desenvolvemento, co equilibrio das riquezas e a loita contra a fame, onde os beneficios non se midan en cifras macroeconómicas senón en calidade de vida e sustentabilidade.

Unha Europa respectuosa co dereito dos pobos á autodeterminación; comprometida coa paz e coa desaparición do armamento, cunha

comúns que non se fale delas como cousas distantes. Unha Europa onde a prioridade sexa facilitar unha vida digna a toda a cidadanía.

Actos:

22 de maio de 2004  
Fórum e Feira Feminista

23 de maio de 2004  
Manifestación de Mulleres Europeas

Máis información en:  
<http://feminismo.org>

# por unha Europa de todas diferentes si; desiguais non

# Novas de Mozambique...

Queridas amigas,

Querería compartir con vós o pequeno grande triunfo que o feminismo e o movemento de mulleres de Mozambique conseguiu o pasado 9 de decembro do 2003: a aprobación por unanimidade da nova Lei de Familia, que altera o Código Civil neste apartado. Esta batalla gañada é á vez outra conquista do feminismo mundial, onde cada unha de vós e todas na nosa unión de vida de mulleres loitamos por ser individuos, persoas e seres humanos recoñecidas nese carácter e calidade. Gracias a todas e cada unha de vós polo coñecemento e forza que en todo momento nos destes.

Que gañamos neste fito histórico para as mulleres de Mozambique?, cal é o resultado do coñecemento creado polo activismo de todas vós?

O principal e brevemente sería:

- ▶ A figura legal de ser o home xefe da familia, foi eliminada. Agora, calquera dos membros do matrimonio pode representar a «sagrada» familia;
- ▶ A idade para o matrimonio foi fixada en 18 anos para ambos sexos, anteriormente, era de 16 para as mulleres e 18 para os homes;
- ▶ A residencia que era determinada polo home, foi eliminada;
- ▶ Foron recoñecidos os casamentos tradicionais (derivados do normativo das relacións de parentesco) e relixioso, sempre e cando sexa rexistrado e conserven os principios establecidos para o matrimonio civil;
- ▶ As unións poligámicas –que teñen algunha práctica no país, pero cada vez con múltiples e diversas interpretacións– non foron, felizmente, incluídas. Este foi un dos puntos duros no debate parlamentario;
- ▶ Para a unión *de facto*, establécese que a partir dun ano de cohabitación, na súa disolución, a repartición dos bens segue o articulado correspondente ao matrimonio baixo réxime de comunión de bens;
- ▶ Foi incorporado como articulado o dereito da esposa a desenvolver de forma autónoma (sen a anterior disposición de necesitar da autorización do home) calquera emprazamento comercial.

Unha aperta grande desde Mozambique a todas e a cada unha de vós.

Felicidades.

**Ximena Andrade**  
WLSA Mozambique



# Hemeroteca

# andaina



**Andaina, núm. 7**  
**primeira época [maio, 1985]**

## Entrevista a mulleres da Asemblea Comarcal de Ferrol

Cando na AGM de Ferrol mirabamos de contar en Andaina algo da Asemblea de Mulleres da comarca de Ferrol valoramos que para completar a visión desta experiencia organizativa, totalmente novedosa na nosa terra, era necesario que mulleres pertencentes a esa Asemblea e non organizadas no Movemento Feminista nos contaran como a ven e como a viven.

Transcribir unha conversa distendida e gravada nunha cinta é difícil e procuramos facelo do xeito que mellor nos pareceu.

Falamos con Fina, Carmen e Marta. As dúas primeiras estiveron na Asemblea dende que se formou participando activamente en todo. Marta que tamén asistiu aos seus inicios, deixouna por enfrontamentos persoais con algunha compañeira da propia Asemblea.

As tres están casadas e con fillos e fillas, e os maridos de Fina e Mar-

ta traballaban en ASTANO, dándose a circunstancia de que ningunha das dúas estaba asociada en ningún tipo de organización.

**A.G.M.** Que vos parece a Asemblea de Mulleres? Mereceu a pena?

**Fina.** Paréceme ben e tamén me parece importante. Fixéronse cousas que de non formarse a Asemblea cada una iría polo seu lado, ben cos homes ou ben soas... ben soas raro... de non ir cos homes... soas nada, quedaríanse no casa.

**Carmen.** Fixéronse cousas non só polo problema de ASTANO, senón tomén polos despedidos de SIMAGO, polas mulleres despedidas no «supermercado 2000» de Pontedeume, etc. A min paréceme que estivo moi ben todo iso.

Penso que hai que seguir agora que rematou –daquela forma– o conflito de ASTANO xa que segue a haber problemas a mazo.

**A.G.M.** A nivel persoal, que vos supuxo a vós a Asemblea?

**Carmen.** A min saír da casa, xa que antes non saía, atoparte con xente a quen contarlle as miñas ideas, xa que ti soia na casa non llavas a contar as paredes.

**Fina.** A min persoalmente, gústame iso de xuntarnos, falar, ir, vir, facer cousas todas xuntas, etc.

**A.G.M.** Tivestes problemas a nivel persoal por asistir a esas xuntanzas?

**Carmen e Fina.** Non.

**A.G.M.** Pensades que algunhas mulleres si os tiveron?

**Carmen.** A maioría si.

**Fina.** Circulaban ideas de que «se manexaba, que se as feministas eran así, e andando...» vamos, que os homes son uns machistas, gústalles ter a súa muller na casa as oito para cear.

**A.G.M.** Agora que «rematou» o asunto ASTANO, pensades que as mulleres van ir a Asemblea como ao principio?

Fina e Carmen. Segundo os temas que se propoñan na Asemblea.

A.G.M. E que temas pensades que se poden levar?

Fina. Supoño que o tema das vendas que a maioría estamos a pagalas como cooperativistas e que se deberían reclamar como vivendas de protección oficial.

A.G.M. Iso, non é un tema collido polos sindicatos?

Carmen. Non, aí parece que non entran ou non queren entrar.

A.G.M. Vosoutras, traballastes diante de casarvos?

Fina. Eu logo de casar, pero deixei.

Traballabamos polo soldo e se te despedían, aleluia!

A min colléronme por recomendación, estiven sen asegurar, pois ate os dezaioito anos non podía asegurarte.

A.G.M. Pensades que as mulleres que pasaron pola Asemblea experimentaron algún cambio a nivel cotián?

Fina. Algunhas si, pero moi poucas.

A.G.M. Puido tal vez a Asemblea servir para que medrara o grao de participación social das mulleres?

Carmen. Para unha minoría si, coa maioría non hai que contar. AS-


ñenlles mala sona porque a eles gústalles ternos na casa. E as mulleres a que máis e a que menos gústanos saír pero o peso do que din os homes aínda é moi forte para nós as mulleres.

Carmen. Non se trata de dicir nomes, pero escoitas comentarios na tenda como... «eu non vou a Asemblea porque o meu home non me deixa ir» e outras cousas polo estilo.

A.G.M. Marta, Por que abandonaches a Asemblea?

Marta. Polos insultos de que fun obxecto durante unha acción por parte dalgunha muller.

En xeral as mulleres non valemos para organizarnos pois rematamos pelexando unhas con outras. Pero, ben mirado, dentro dos sindicatos ou das empresas de homes, isto tamén se dá, aínda que non sae á luz como o das mulleres. Os homes pódeno resolver a bofetadas, mais nunha muller isto non pode resolverse así.

Falamos moito tempo máis sobre os problemas, os centos de problemas que propón a organización de mulleres, está moi estendida a idea de que as mulleres non servimos para organizarnos, da nosa inexperiencia colectiva neste terreo, de cómo os homes fan propaganda de todos os nosos erros interesadamente, etc. Tamén estivesmos valorando accións concretas e recoñecéronse fallos que houbo. Sopesando todo o que tivo de ben e de malo esta historia chegamos á conclusión de que é mellor caer e mancarse que renunciar a andar. 



Carmen. Eu dende os 13 anos nunha fábrica de madeira ate que casei.

A.G.M. Estabades sindicadas?

Carmen e Fina. Non.

A.G.M. Por que?

Carmen. Daquela non estaba tan á luz coma agora. E ademais non che dicían de afiliarte a un partido ou a un sindicato.

TANO era o punto clave e desaparecido o tema, rematouse o problema para moitas.

A.G.M. Que pensades das feministas?

Fina. Eu non teño nada en contra das feministas.

Carmen. Eu tampouco.

Fina. Sabedes o que pasa coas feministas? Que moitos homes pó-

*Moitas foron as mobilizacións realizadas na Galiza contra esta lei segregadora, que pretende distribuír ao alumnado en función da situación socioeconómica da súa familia, que parte dun concepto educativo altamente competitivo, orientado ao éxito social entendido como rendemento profesional, que só dá importancia a un ensino memorístico e non a unha educación integral; unha lei que prexudicará ao ensino público para beneficiar ao privado. Unha lei uniformizadora e obsesivamente centralista que impide elaborar un sistema educativo propio para Galiza e polo tanto está orientada a propagar valores asentados no concepto de dominio dun pobo sobre outro, dun sexo sobre outro, de inxustiza social en definitiva. Isto significará un paso atrás no desenvolvemento da coeducación, así como na conquista da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Nun tema tan complexo como é o xénero, esta lei non fai a máis mínima referencia, nen tan sequer para sentar as bases, do que debe ser o ensino coeducativo que faga real a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, non esixindo que a coeducación sexa unha realidade en todos e cada un dos centros de ensino.*

alumnado, mais estereotipadas son estas decisións en función do sexo. É dicir, con menor idade o estudante está máis condicionado polos estereotipos de xénero, estereotipos que se van relativizando coa madurez e co maior coñecemento das posibilidades e das capacidades persoais.

► **RELIXIÓN:** A LOCE convirte a relixión en materia obrigatoria e avaliábel. E dá ás autoridades relixiosas católicas todas as competencias en materia de determinación do currículo de relixión, así como de decisión, supervisión e aprobación dos libros de texto e materiais didácticos a utilizar. O cal non deixa de ser un aval para a utilización dos famosos vídeos antia-borto ou outros materiais difundidos nalgunhas clases de relixión e que tan nefasta repercusión teñen entre o alumnado, sobre todo o feminino.

► **XERARQUIZACIÓN:** Con esta lei aplícase un modelo de dirección xerencial e xerárquico que fomenta unha forma de liderazgo que prima o poder uni-

# Manifiesto contra

## O que a LOCE di:

► **LINGUAXE:** O texto da LOCE, utiliza, en todo o seu desenvolvemento, linguaxe sexista por empregar como xenerico o masculino (alumnos, profesores, directores...) esquecendo que isto supón a ocultación, invisibilización, subordinación, infravaloración e exclusión das mulleres en todos os ámbitos aos que fai referencia a lei.

► **ADMISIÓN:** A LOCE recoñece, por omisión, que o sexo pode ser causa de discriminación para a admisión do alumnado nos centros públicos, contradicindo claramente o precepto constitucional que deixa ben claro que non pode prevalecer discriminación algunha por razón de sexo. Con esta omisión ábrese a porta á educación segregada por razón de sexo e isto inclúe a posibilidade de soste con fondos públicos centros que defenden unha educación diferenciada para rapazas e rapaces.

► **ITINERARIOS:** A LOCE acaba co ensino comprensivo ata os 16 anos e introduce eleccións temperás de itinerarios académico-profesionais. A análise dos sistemas educativos europeos demostrou que canto antes se produce a diversificación curricular e, polo tanto, antes se produce a toma de decisións por parte do

persoal sobre o traballo en equipo. Este modelo fará menos democrático e participativo o funcionamento dos centros reforzando valores autoritarios e de poder, conformando mentalidades que interiorizan un modelo xerarquizado de sociedade no que as mulleres ocupan un status inferior.

## O que a LOCE non ten en conta:

**A perspectiva de xénero na Educación.** A LOCE ignora que nenas e nenos parten de situacións de socialización diferentes que incorporan á súa experiencia escolar e que influirán na súa autoestima e proxección futura.

**A educación afectivo-sexual,** que é especialmente importante na infancia e na adolescencia. Por iso é necesario que nos currícula educativos se contemple unha formación afectivo-sexual global, liberadora, responsable e respectuosa para con todas as orientacións sexuais.

**Que as responsabilidades domésticas seguen recaendo maioritariamente nas mulleres.** A Lei continúa sen incorporar contidos que permitan a aprendizaxe de aspectos básicos da vida cotiá que posibiliten

a autonomía persoal e que permita que homes e mulleres realicen as tarefas domésticas, valorizando o ámbito privado e o coidado das persoas.

**Que a formación do profesorado é determinante para a consecución da igualdade de oportunidades e a construción dunha escola coeducativa.** A ausencia no marco legal de calquera referencia á formación do profesorado para a coeducación, redonda na desconsideración das aportacións das mulleres á Historia e á Cultura, das actitudes e contidos discriminatorios que actúan no curriculum oculto... e mostra un auténtico desinterese pola consecución da igualdade dos sexos.

#### Fronte á LOCE, propomos

**Unha educación integral**, que dea importancia non só aos conceptos, se non a todos os aspectos da vida das persoas e en especial á convivencia, unha educación que combine as liberdades e dereitos individuais das persoas cos valores sociais de solidariedade,

**Unha educación que parta do recoñecemento da diversidade** e non dunha homoxeneidade inexistente. A educación debe aceptar as diferencias como un punto de partida real e positivo e prestar atención especial ás persoas e grupos discriminados. Desde esa perspectiva debe marcarse o obxectivo de conseguir unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

**Un ensino laico**, que non segregue ao alumnado en católicos e non católicos, que non imponha unha determinada moral represora e valores tais como a submisión, a resignación ou a pasividade que tantos prexuízos causaron ás mulleres. Estamos nun estado aconfesional e a educación debe ser laica e plural.

**Un ensino comprensivo** no que o alumnado tome as decisións que afectarán á súa vida profesional o mais tarde posíbel, porque así o fará con mais coñecemento de causa e máis autonomía e dependerá menos dos estereotipos de xénero.

**Un ensino que faga visíbeis as aportacións das mulleres á historia, da humanidade**, e aos distintos

# o sexismo da LOCE

de xustiza social, de igualdade, de asunción da nosa identidade, cultura e idiomas propios, cooperación e respecto mutuo.

**Unha educación mixta obrigatoria** en todos os centros, que é o punto de partida necesario para un ensino coeducativo.

**Un ensino público e gratuíto** que contemple unha financiación suficiente que permita corrixir as discriminacións derivadas da situación social, económica, cultural e de xénero.

**Unha educación non discriminadora** que contemple nos currícula das diferentes etapas do sistema educativo criterios tendentes a corrixir coñecementos e actitudes que indirecta ou directamente transmitan ou leven a ideas estereotipadas dos sexos e de dominación dun sexo sobre outro.

**Unha educación que preste atención** non só ás capacidades intelectuais do alumnado, senón tamén aos afectos e sentimentos, na que a persoa se asuma positivamente como ser sexuado, viva o seu corpo e a súa sexualidade de maneira saudábel e desenvolva unhas habilidades sociais que contribúan a criar unhas relacións interpersoais gratificantes.

saberes. Que, ademais, valore as experiencias das mulleres, tanto no ámbito público como no privado e recoñeza a importancia dos traballos feitos tradicionalmente polas mulleres, das tarefas de reprodución e de coidados e que fomente a participación dos homes en ditas actividades.

**Un ensino onde se forme e oriente ao estudante de face a eleixir a profesión da que gostan** e non en base a estereotipos de xénero evitando así a masculinización e feminización de certos traballos e actividades.

**Un ensino, en resumo, coeducativo** onde nen o sexos, nen a situación socioeconómica, nen algunha outra razón sexan causa dun ensino diferenciado.

---

ORGANIZACIÓNS: AGIR, Andaina, Areanegra, Asociación Elvira Bao, AS-PG, CAE, CAF, Cátedra de Estudos Feministas (U. Vigo), Casa Encantada, CIG, CNT, CUT, Coordinadora Feminista Donicela, Feminario de Teorías da Diferencia (U. Vigo), Legais, MNG, Nova Escola Galega, Seminario de Estudos Feministas (U. Coruña) STEG.



*Ollos de miña nai,  
sen eles a miña historia, non ten ollos.*

(Xohana Torres)

# Maternidade social: unha ficción

 SABELA ÁLVAREZ NÚÑEZ

Na actualidade as nais solteiras xa non se senten censuradas, nin excluídas a nivel social, mais tamén é certo que a maternidade segue a ser, en gran medida, unha cuestión da familia nuclear.

Durante séculos a maternidade foi unha imposición e o destino das mulleres e foi tamén unha das múltiples formas que fixeron das mulleres seres dependentes. Foi a filosofía feminista quen cuestionou isto e quen desligou, primeiro, *pracer sexual de procreación* e, despois,

segundo a mesma lóxica, *sexualidade de procreación*, o que axudará a entender como un feito normal outras formas de maternidade ou paternidade. Hoxe as mulleres xa non temos que elixir entre maternidade e profesión mais tamén é certo que esta aínda pode resultar un obstáculo para a promoción profesional e que esta é unha das razóns pola que as mulleres chegan cada vez máis tarde á maternidade. Hoxe as mulleres, poden ser nais, gracias á ciencia, a idades an-

tes impensables e a ciencia permite tamén a reprodución sen sexualidade; pódese ser nai tamén sen parir –adopción–; podemos elixir a maternidade como unha opción na nosa vida, isto é, como unha elección e decisión libre.

Hoxe existe unha maternidade autoxestionaria que se dá fóra da familia nuclear e se non reflexionamos sobre estes datos: nos países escandinavos as crianzas nadas fóra do matrimonio acadan o 50%; en Islandia o 65%; na Unión



Europea, unha de cada catro crianzas que nacen, son de nai solteira, se ben moitos destes casos non se tratan de nais soas ou que decidiran ser nais en solitario, senón que son o produto do resultado de unións de parellas de feito; en España existe un millón de familias monomarentais, e neste caso entran tamén aquelas familias de nais separadas e divorciadas que están a cargo dos fillos. Pois estes feitos, que son xa unha realidade social e unha evidencia, están sendo negados nunha sociedade que perpetúa os valores androcéntricos da cultura patriarcal e que asigna aínda ás nais, de acordo con eses valores, o papel de *nai biolóxica e natural*, en función da capacidade e potencialidade reproductora das mulleres, e que é vista, non como un *poder* senón como un destino natural, sen aceptar e recoñecer que esas nais e eses datos aos que aludimos, estannos falando da evidencia de verdadeiras *nais sociais* e non de simples *nais biolóxicas*. Aos homes, pola contra, esta cultura patriarcal asignoulles un papel social, converténdoo en *pais sociais*.

Á cultura patriarcal non lle interesa, xa que logo, que as mulleres saian dese concepto de *nais naturais* e que se modifique o valor da *maternidade biolóxica*, nin que estas conquisten a *maternidade social* xa que isto conduce a desmontar e cuestionar os valores da sociedade patriarcal e a poñer de manifesto outras posibles e novas, así como enriquecedoras formas de relacións humanas. Mais isto é xa un feito desde o mesmo intre en que algunhas mulleres, desde esa perspectiva autoxestionaria que lles aporta a súa independencia material, afectiva e intelectual chegan á decisión de seren nais en solitario porque, daquela, acádase esa *maternidade social, legal e independente*, que se nos veu negando secularmente, converténdonos, pois

## [...] en España existe un millón de familias monomarentais, e neste caso entran tamén aquelas familias de nais separadas e divorciadas que están a cargo dos fillos

nese intre, en *nais de meu*. Isto tamén se ve alterado aínda que as mulleres accedan a seren nais soas, por outras circunstancias, sempre que dispoñan dunha certa independencia económica.

O supervalor da figura paterna e da paternidade social queda ben patente en feitos coma estes: na familia nuclear o home aprópiase e fai *fillo de seu* un ser enxendrado e parido de muller e isto acéptase e está asimilado socialmente na nosa cultura como un feito normal. Agora pensemos no caso da adopción dunha nai que decide ser nai en solitario; neste caso négaselle esa capacidade de apropiarse do ser enxendrado e parido doutra muller a través desta clara restricción: non concedéndolle unha crianza bebé ou unha criatura de moi pouca idade xa que o feito de non ser unha familia nuclear, que non respecta o modelo patriarcal, onde non hai un pai que se responsabiliza socialmente da criatura e que a manteña nun fogar que non respecta os valores e roles patriarcales, altera e converte a este tipo de familia –monomarental–, nunha transgresión que non é aceptada pola cultura patriarcal.

¿E que dirían se existise unha lei que obrigase ás nais que teñen unha filla ou un fillo, en solitario, a inscribir a ese fillo ou filla súa, no Rexistro Civil do Estado español cun nome de pai ficticio e que logo ese nome de pai ficticio deba figurar, ademais, obrigatoriamente, no seu Documento Nacional de Identidade, aparecendo, pois, en ambos documentos isto: «Filla de: Antón, Iago...», todo un abano de nomes a elixir? Paradóxico, ilóxico, sen sentido..., unha contradicción

insultante para a nai que opta libremente por er familia monomarental, e igual de insultante para aqueloutra nai solteira que chega a o ser por outra circunstancia, xa que nai e crianza se ven condenadas a ser tuteladas por un nome masculino dun pai, falso por inexistente e ficticio. Pois isto é co que nos atopamos, no século XXI, as mulleres que decidimos ser nais soas á hora de inscribir, ou de solicitar unha Nova Inscripción de Nacemento para esa nena ou neno no Rexistro Civil –como foi o meu caso, xa que son nai por Adopción Internacional–, sen ter en conta ademais que na súa Partida de Nacemento orixinal de Ecuador, figura *sen* nome de pai ó igual que no Libro de Familia. ¿Este feito de necesitar dun nome masculino para representar a un pai, ficticio, falso, non nega e anula esa maternidade social que as mulleres decidimos abordar? ¿Non ven a dicir que por moito que se proclame a nosa liberdade e autonomía, esta aínda é unha ficción ao verse obrigadas nai e filla, ou fillo, a ser tuteladas por un simple nome masculino de alguén inexistente e que é pouco menos ca unha pantasma? A lectura está clara: maternidade biolóxica, si; pero maternidade social, pura ficción. Por imperativo da Lei Rexistro Civil 35/89, unha lei caduca e anacrónica, que non respecta a realidade social dos países democráticos, as nais es-





# violencia contra las mujeres



N. Coromoto

# Comentario para malos tratos

O Observatorio... *contra a Violencia Doméstica y de Género*, propón a conveniencia de crear un turno de oficio con avogados especializados

para que as vítimas destas agresións estean asistidas desde a súa primeira comparecencia ante o xuíz.

Segundo un estudo do Poder Xudicial, tres de cada catro mulleres carecen de letrado ao pedir medidas como o alonxamento mentres seis de cada dez homes agresores si dispoñen del.

Nos 77 cárceres españois hai preto de 1000 presos –maioritarisimamente varóns– por malos tratos á súa parella. Estes maltratadores forman parte dun grupo de 3671 persoas penadas por delitos contra as persoas (homicidios e lesións).

As cifras coñécense desde o ano 2002 que se deu luz verde a un proxecto piloto de terapia de maltratadores.



# malos tratos

A Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias fixo un estudo dos expedientes. Neles precísase o delicto porén non a vítima.

Ao cabo do estudo estimouse nuns 900 varóns maltratadores sen contar os 11 cárceres cataláns.

En Albacete, Álava, Alicante, Madrid, Mallorca, Valladolid, Tenerife e Lugo botouse a andar unha terapia piloto.

Estas terapias, dunha duración de cinco meses, NON aportaban ningún beneficio penitenciario e a asistencia é de carácter voluntario no caso de ser delicto principal o de Malos Tratos.

Comezaron a rehabilitación 61 presos e remataron 56. As cinco baixas fórono pola nula intención dos reclusos a cambiar de conducta.

O 40% dos seleccionados viñan de familias desestructuradas e só o 30% deles recoñecían o seu delicto.

Tamén no cárcere de Ourense se ten levado un interesante traballo con maltratadores. A terapeuta María del Mar Rodríguez di que o máis importante é que os presos recoñezan os seus actos e tomen conciencia do problema.

*ren eludir a responsabilidade dos seus actos.*

O programa no cárcere de Ourense tivo unha duración próxima ao ano con dúas sesións semanais de dúas horas.

Dos 12 presos por malos tratos, nove fixeron a terapia, un rexeitouna porque lle faltaba pouco tempo para saír en liberdade e os outros dous considerábanse inocentes.


A idade media: 40 anos (o máis novo 35 e o máis vello 55).

María del Mar Rodríguez insiste: *Se non traballamos con eles sairán peor do que entraron. Cando chegan ao cárcere o problema xa está moi enquistado. É necesaria unha educación desde as escolas sobre a igualdade de sexos.*

A base reside na asunción da culpabilidade. Trabállase o control da ira, a resolución de conflitos, a conduta de ciumes, a educación sexual e a educación en igualdade entre homes e mulleres, así como a prevención de recaídas.

*Hai presos que o pasan moi mal durante a terapia, sobre todo cando se fan conscientes do que fixeron ou cando se lles fai escribir sobre o seu pasado.*

A avaliación dos presos é máis fácil dentro do cárcere. Os resultados certos poderán medirse cando recuperen a súa liberdade.

Institucións Penitenciarias, estuda se repite a experiencia. No cárcere de Ourense están xa comezando a segunda tanda de terapia. 



*A asunción da responsabilidade é clave. Moitos négana, outros a xustifican. «Non era eu», «perdín os nervios» ou «estaba canso» son das excusas máis frecuentes coas que que-*

O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia puxo en funcionamento desde o ano 2001 e en colaboración co Servicio Galego de Igualdade, un programa, «Abramo-lo Círculo», de atención psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar. Na memoria anual do Colexio do ano 2002 dan conta das actividades formativas, divulgativas, de sensibilización, a xornada de formación e traballo, así como as actividades asistenciais.

Ao longo do ano 2002 leváronse a cabo noventa sesións de intervención psicolóxica nos vinte e un casos iniciados neste mesmo ano.

Outros catro casos pertencentes ao ano 2001 continuaron a recibir asistencia durante o ano 2002

	Casos que debutan no 2001	Casos que debutan no 2002	Totais
Nº de casos	5	21	26
Nº sesións no 2002	23	90	113
Nº de casos con intervención en activo a 31-12-2002	1	15	16
Abandonos	0	6	6
Altas	4	0	4

As demandas para participar no Programa incrementáronse este ano nun 420% e o número de sesións nunha porcentaxe semellante 391%.

O programa «Abramo-lo Círculo» depende de subvencións do Servicio Galego de Igualdade que no último ano ofreceu unha subvención miserábel.

# Algunhas reflexións sobre o problema da violencia no ámbito da

Intervención de Laura Gómez como representante de Andaina na Comisión de Non Violencia do Consello Municipal da Muller, o día 25 de novembro no acto organizado pola Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela, que tivo lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia

## 1. Concreción sobre a situación da que estamos a falar

Cómpre delimitar os tipos de situacións dos que imos falar. Non coincide exactamente con violen-

cia doméstica ou intrafamiliar; esta ten un sentido máis amplo que abrangue a violencia entre distintos membros da familia, entre a parella, cara as persoas anciás, cara menores, entre irmás e/ou irmáns (da cal non estarían excluídas as mulleres nin como vítimas nin como maltratadoras).

Tampouco coincide exactamente coa violencia de xénero, pois esta inclúe un xeito de violencia que se exerce tamén no ámbito social cara as mulleres e que ten que ver con situacións de discriminación económica, laboral, discrimi-

nación no ámbito público, insultos na rúa ou mesmo cánones de beleza prexudiciais ou lesivos cara as mulleres.

Estamos falando dun xeito de violencia exercida contra as mulleres no ámbito da privacidade por parte das súas parellas masculinas: os seus homes, compañeiros ou ex-compañeiros. Feita esta precisión, en adiante indícarase só *parellas*.

Son os malos tratos que presentan un maior índice de casos e as situacións máis brutais e extremas.

## 2. Enfoque da magnitude do problema e dificultades de detección

As dimensións do problema do maltrato das mulleres por parte das súas parellas alcanza proporcións sumamente preocupantes. Xa sabemos que a meirande parte dos casos non se denuncian.

Afecta en porcentaxe algo máis elevada a mulleres na franxa de idade comprendida entre os 45 e os 65 anos (para o conxunto do Estado Español en datos de 1999).<sup>1</sup> Pero sabemos tamén que unha porcentaxe moi elevada de mozas maiores de 18 anos padecen ou teñen padecido diversas formas de maltrato por parte das súas parellas ou ex-parellas (un 11%, preto de dous millóns, no Estado Español, segundo unha enquisa do Instituto de la Mujer de decembro de 2002).

O feito de que moitos medios de comunicación só dean cobertura aos casos máis brutais de malos tratos a mulleres, a aqueles que desgraciadamente se converten en noticia, o feito de que se dea unha visión pública tan uniforme dos malos tratos ten como resultado que unha alta porcentaxe de maltratadores non se identifique con esa figura do maltratador máis brutal, nin se recoñezan sequer como maltratadores

Xa nos imaxinamos que as cifras posiblemente, tamén nesta franxa de idade, poden ser maiores.

Outro dato para ter moi en conta é que moitas mulleres non son conscientes sequer de atoparse en situación de maltrato ou de telo sufrido (como exemplo, dese 11% de mozas, só un 4%, unhas 680.000 no Estado Español, recoñecía telos su-

frido, as restantes non consideraban ter vivido ou vivir nunha situación de violencia; e neste caso trátase de mulleres novas, que per-

<sup>1</sup> ALBERDI, Inés e Natalia MATAS: *La violencia doméstica: Informe sobre los malos tratos a mujeres en España*, Barcelona, Fundación La Caixa (Col. Estudios Sociales, 10), 2003.

# contra as mulleres parella heterosexual



Participantes na mesa redonda organizada pola Concellería da Muller de Santiago o 25 de Novembro de 2003

tencen a unha xeración moito máis informada, que naceron e viven nunha sociedade que ten evoluído moito en canto á consideración social, cando menos no plano teórico, dos dereitos e liberdades das mulleres e que poden falar máis abertamente das relacións de parella). A falta de consciencia sobre a situación que viven ou teñen vi-

verten en noticia, o feito de que se dea unha visión pública tan uniforme dos malos tratos ten como resultado que unha alta porcentaxe de maltratadores non se identifique con esa figura do maltratador máis brutal, nin se recoñezan sequer como maltratadores, polo tanto obstaculízase e obstaculizan o recoñecemento persoal do seu pro-


Así é que moitísimos casos de abuso sexual, de maltrato psicolóxico e os casos menos duros de violencia física desaparecen da visibilidade pública.

### 3. Factores estruturais ou sociais que crean un clima propicio para que se produzan situacións de maltrato

Hai algúns factores estruturais, baseados nun sistema de valores e crenzas moi arraigado nas diversas sociedades, e por suposto na nosa, que facilitan a aparición deste tipo de maltrato cara as mulleres:

- ▶ O sexismo e polo tanto o machismo imperantes en tódolos ordes sociais, que valéndose dunha «violencia simbólica» –segundo in-

**Comparto a opinión de moitas persoas que manifestan que esta non é unha loita de mulleres contra homes, nin dun grupo máis ou menos amplo de mulleres e homes contra homes que maltratan, que é unha loita contra as condutas violentas, contra as mentalidades sexistas e insolidarias que menoscaban a calidade das nosas relacións persoais e a nosa ética como comunidade**



N. Coromoto

vido, tal vez puidera reducir en principio o nivel da súa angustia, pero isto non fai que desapareza, nin tampouco evita unha mala calidade persoal de vida nin de relación de parella ao tempo que o contexto da violencia obxectiva en que poden seguir vivindo é susceptible de empeorar.

O feito de que moitos medios de comunicación só dean cobertura aos casos máis brutais de malos tratos a mulleres, a aqueles que desgraciadamente se con-

blema, paso primordial para reflexionar sobre a súa conduta, segundo indican profesionais da psicoloxía.

Paralelamente, as campañas publicitarias que mostran mulleres coa cara e o corpo cheo de golpes e morados fan considerar a moitas vítimas que o seu caso non é comparable e que polo que lles ocorre a elas non paga a pena denunciar nin arrostrar os sentimentos de culpabilidade e de vergoña tan frecuentemente asociados a tal situación.

dica o sociólogo francés Pierre Bourdieu– explica e pretende xustificar as relacións de dominación, os seus privilexios e as súas inxustizas e fai aparecer as persoas dominadas como aceptábeis unhas condicións de vida absolutamente intolerábeis. E a forza desta dominación reside precisamente en ser admitida e recoñecida polos dominados, neste caso as dominadas. Deste xeito, a diferenza natural, é dicir *biolóxica*, entre homes e mulleres é convertida en desigualdade e xerarquía,





Concentración 25 de Novembro en Vigo

características *culturais* e polo tanto arbitrarias que constitúen os alicerces do que chamamos *patriacado*.<sup>2</sup>

► O ámbito pechado onde se desenvolven estas relacións de violencia cara as mulleres.

Unha sociedade profundamente violenta, que non ten por costume buscar saídas negociadas aos conflitos, tampouco entre os propios homes.

#### 4. Diversidade do maltrato e polo tanto das maneiras de enfrontalo

A diversidade do maltrato cara as mulleres, dende a chantaxe emocional a outros xeitos de violencia psicolóxica, dende os abusos sexuais ás violacións e outras formas de maltrato físico, implica unha diversidade de condutas e circunstancias que teñen que ser diferenciadas e analizadas, por tipo de maltrato, gravidade e duración do mesmo e efectos psicolóxicos e físicos sobre as vítimas.

En calquera caso, é imprescindible crear unha conciencia social xeneralizada que non xustifique de xeito ningún a conduta do maltratador, de calquera maltratador e aínda que se estime como maltrato

«de baixa intensidade».<sup>3</sup> Porque a propia vítima precisa dunha condena social e porque o propio maltratador ten que asumir a responsabilidade sobre os seus actos.

#### 5. Enfoque multilateral ou plural na busca de solucións para atallalo

No ámbito das propostas concretas son imprescindíbeis tamén un conxunto de medidas e actuacións dende múltiples ámbitos a curto e medio prazo:


► Implicación e coordinación de todas as administracións públicas e de diversos sectores profesionais: políticos, sanitarios, policiais, xudiciais, sociais e medios de comunicación.

► Fomento do emprego feminino de cara á eliminación da discriminación laboral-económica das mulleres.

► Medidas de emerxencia para o apoio das vítimas *que se cumpran* (atención médica e axuda psicolóxica sen listas de espera, casas de acollida, pisos tutelados, ordes de protección, de alonxamento, defensa xurídica gratuita...).

► Axuda psicolóxica inmediata para todas as persoas afectadas,

non só para as mulleres, tamén para as e os menores que teñan vivido, cando menos, nun clima de violencia, e axuda psicolóxica con plans de resocialización dos maltratadores. Porque a atención exclusiva cara unha das partes do conflito, as vítimas de maltrato, non resolve a outra, a reeducación dos maltratadores (xa sabemos que os datos que podemos obter das casas de acollida representan só unha parte da totalidade dos mesmos, pero estímase que entre un 30 e un 50% de mulleres que teñen



sufrido maltrato e pasan por as casas de acollida volven cos seus maltratadores, cando menos unha vez máis antes de abandonalos definitivamente, e se as mulleres os abandonan, posiblemente intentarían relacionarse con outras mulleres reproducindo o mesmo esquema de crenzas e conduta). Por outra banda, unha sociedade que

<sup>2</sup> Ob. cit.

<sup>3</sup> A chamada «tolerancia cero» cara ao maltrato

pretenda afrontar o problema do maltrato dunha maneira integral, non pode nin debe deixar de atender a esa outra parte do conflito, aos maltratadores, porque están nesta sociedade, porque é preciso artellar sistemas e ferramentas de convivencia conxunta.

O castigo, os anos de cárcere, supoñen o *pago* polo que o agresor ten feito, pero non serve para modificar a conducta destas persoas. Poden incluso agravala. Como sociedade teremos que garantir os medios para resocializar a quen teña sido condenado (a toda a poboación reclusa), e isto, que semella terse tan esquecido na actualidade,

**O castigo, os anos de cárcere, supoñen «o pago» polo que o agresor ten feito, pero non serve para modificar a conducta destas persoas. Poden incluso agravala**



## 6. O ámbito lexislativo como ámbito privilexiado para a resolución dos conflitos sociais

A tendencia cada vez máis xeneralizada a levar os conflitos sociais ao ámbito lexislativo cun especial protagonismo do ámbito penal, non semella un gran avance porque non garante a solución deste nin de ningún outro conflito. Para conseguilo será necesaria unha ampla mobilización

de instrumentalizar as mulleres neste caso. E fundamentalmente contribúe a agachar os problemas sociais, reducidos a unha tipificación penal.

## 7. Implicación social conxunta

Comparto a opinión<sup>4</sup> de moitas persoas que manifestan que esta non é unha loita de mulleres contra homes, nin dun grupo máis ou



N. Coromoto

é algo ao que teñen dereito (segundo o artigo 25 da Constitución española).

A longo prazo é preciso un cambio de mentalidades e conductas que require tempo:

- ▶ Educación en valores de igualdade e respecto para que uns e outras sexamos libres de escoller as nosas opcións vitais independentemente do sexo biolóxico.

- ▶ Resolución non violenta dos conflitos, especialmente dos interpersoais.

- ▶ Defensa dos dereitos humanos de todas as persoas: mulleres, homes, maiores, menores, de poboación autóctona e inmigrantes, de todas as relixións.

social que respalde un conxunto de medidas como as que antes apuntabamos.

O dereito penal non está concibido como o último recurso, cando teñan fracasado outras vías de xestión e resolución de conflitos. Implican actuacións que logran un grande consenso social baseado na crenza de que por este camiño é posíbel rematar cos complicados problemas sobre os que se legisla e ademais de xeito inmediato. Para os gobernos é bastante barato, aforrándolles moitos cartos as administracións que non terían que investir en recursos asistenciais nin preventivos. Resulta rendible tamén electoralmente, aínda a costa

menos amplo de mulleres e homes contra homes que maltratan, que é unha loita contra as conductas violentas, contra as mentalidades sexistas e insolidarias que menoscaban a calidade das nosas relacións persoais e a nosa ética como comunidade se non se afronta o problema en toda a súa gran complexidade. ■

<sup>4</sup> CARO, M.<sup>a</sup> Antonia: «La lucha contra la violencia de género es parte sustancial de la defensa de los DD. HH.», intervención nas xornadas da APDH, outubro de 2003.

6 de xaneiro. X.D.J.V., 28 anos, chimpada desde unha ventá en Fuengirola (Málaga).

10 de xaneiro. R.M.C., 34 anos, morta a tiros en Moiá (Barcelona).

12 de xaneiro. Z.B., apuñalada en Tenerife.

13 de xaneiro. M.L., 28 anos, morta a golpes en Terrassa (Barcelona).

18 de xaneiro. G.S.S., 28 anos, estrangulada en Reus (Tarragona).

19 de xaneiro. I.R.D. 49 anos, apuñalada en Adra (Almería).

23 de xaneiro. S.S.G., 31 anos, apuñalada en Hospitalet (Barcelona).

27 de xaneiro. C.A.P., 34 anos, apuñalada en Santo Domingo (Logroño)

28 de xaneiro. E.S., 80 anos, asasinada con carabina en Pinos Puente (Granada)

2 de febreiro. M.P.H. 30 anos , apuñalada en Logroño

5 de febreiro. R.N.M., 76 anos, estrangulada en Málaga.

# As 72 Víctimas de 2003\*

Un ano máis, Andalucía foi a comunidade con máis mulleres asasinadas, trece igualada con Cataluña (ambas son as dúas con máis po-boación). Séguenlle Valencia con sete, Galicia con seis, e Madrid e Canarias con cinco. En Castela León, Murcia e Baleares foron tres. Euskadi pola súa parte, non rexistrou ningún caso de asasinato nos dous últimos anos.

10 de febreiro. C.R., 72 anos, morta a golpes en Mugardos (A Coruña).

4 de marzo. M.P.F., 71 anos, acoitelada e golpeada en Vallecas (Madrid).

15 de marzo. E.M., 28 anos, asfixiada en Linares (Jaén).

17 de marzo. C.M., 28 anos, estrangulada en Molina de Segura (Murcia).


18 de marzo. A.B.B., 49 anos, abandonada nunha cuneta con contusión cranial en A Coruña.

23 de marzo. M.H., 38 anos, asfixiada con unha corda en Martos (Jaén).

\* Tirado de *El Mundo*, 23 de decembro de 2003.

- 27 de marzo. M.R.R., crebada en La Linea de la Concepción (Cádiz).
- 2 de abril. D.Á., 40 anos, ferida por arma branca en Ansoain (Navarra).
- 4 de abril. M.J.F., 38 anos, atropelada e despois acoitelada en Valencia.
- 5 de abril. D.C., 16 anos, aforcada coa manga dunha bañeira Los Montesinos (Alicante).
- 12 de abril. S.B.V., 42 anos, acoitelada en Barcelona.
- 13 de abril. E.R., 25 anos, queimada en Gran Canaria.
- 5 de maio. L.M., 34 anos, acoitelada en Girona.
- 7 de maio. M.D., 43 anos, degolada en Albacete.
- 10 de maio. M.D.A. 48 anos, morta a golpes en Reus (Tarragona).
- 21 de maio. M.J.R., 28 anos, Alfaia apuñalada en Al-daia (Valencia).
- 23 de maio. P.M.C., crebada en La Aldea de Híjar (Teruel).
- 29 de maio. C.F., 39 anos, crebada en Moaña (Pontevedra).
- 1 de xuño. M.R.T., 36 anos, apuñalada Camino de Puente Virrei (Zaragoza).
- 1 de xuño. M.S.R.S., 30 anos, calcinada en Cenero (Gijón).
- 6 de xuño. G.E., 23 anos, estrangulada en Villanueva i Geltrú (Cataluña).
- 7 de xuño. F.N.C., 39 anos, acoitelada en Beniaján (Murcia).
- 10 de xuño. K.M., 52 anos, morta a golpes en Barcelona
- 12 de xuño. V.C.G., 35 anos, apuñalada en Ceuta
- 22 de xuño. F.M.M., 45 anos, cribada en Salamanca
- 28 de xuño. T.G.S., 65 anos, apuñalada en La Guisona (Lleida)
- 30 de xuño. C.A.G., 35 años, crebada en Ames (A Coruña).
- 7 de xullo. L.M.C.G, crebada en Lalín (Pontevedra).
- 9 de xullo. C.M., 44 anos, estrangulada en Palma de Mallorca.
- 12 de xullo. M.M.S., 48 anos, morta tras unha malleira en Ciempozuelos (Madrid).
- 13 de xullo. A.M.CA, 28 anos, acoitelada en Cebolla (Toledo).
- 22 de xullo. S.C.C., 29 anos, acoitelada en Palafrugell (Girona).
- 24 de xullo. A.E, 36 anos, apuñalada en Alcalá de (Castellón).
- 27 de xullo. M.M.N.A., 34 anos, esnaquizada en Premiá de Dalt (Barcelona).
- 27 de xullo. L.A.N.G., 33 anos, estrangulada en Santander.
- 31 de xullo. M.T.G.V., 72 anos, morta a golpes en Valladolid.
- 4 de agosto. C.P., 37 anos, apuñalada en Tenerife.
- 6 de agosto. A.L. e M.V., de 60 e 57 anos, apuñaladas en Palma de Mallorca.
- 12 de agosto. R.S.R., asasinada con catana en Barcelona.
- 17 de agosto. A.F., 21 anos, apuñalada en Alzira (Valencia).
- 23 de agosto. E.C.B., 50 anos, crebada Madrid.
- 12 de setembro. G.A.G., 90 anos, esnaquizada en Martos (Jaén).
- 18 de setembro. F.L.R., 48 anos, apuñalada en Ferreira (Sevilla).
- 19 de setembro. R.P.A, 21 anos, apuñalada en Salas (Asturias).
- 28 de setembro. M.J.G.OU., 27 anos, crebada en Cadeira (Valencia).
- 9 de outubro. S.B.P., 30 anos, apuñalada en Murcia.
- 23 de outubro. M.C.M.R., 34 anos, acoitelada en Alcántara (Badajoz).
- 3 de novembro. M.J.P.G., 27 anos, crebada en Barbate (Cádiz).
- 8 de novembro. MJ.P-G., 45 crebada en Cádiz
- 8 de novembro. D.S., 48 anos, crebada en Lanzarote
- 9 de novembro. M.R.D.M, 48 anos, queimada en Sevilla
- 11 de novembro. C.G.M., 31 anos, asfixiada en Mallorca
- 11 novembro. C.J., 47 anos, degolada en Valencia
- 14 de novembro. M.C., 38 anos, asfixiada en Sevilla.
- 20 de novembro. R.S.J., 41 anos, apuñalada en Salamanca.
- 26 de novembro. G.P.G.B., 57 anos, apuñalada en León
- 4 de decembro. G.E., 27 anos, apuñalada en Madrid.
- 12 de decembro. M.J.H., 34 anos, acoitelada en Las Palmas.
- 15 de decembro. C.M.V., 76 anos, apuñalada en Vilarinho (Lugo).
- 20 de decembro. P.F.M., 40 anos, apaleada en Madrid.

# Violencia doméstica en España



Cartas al director –La Voz de Galicia– 27-11-2003

## Mujeres maltratadas

Soy mujer, tengo 30 años y sufrí malos tratos durante gran parte de mis seis años de matrimonio. No malos tratos físicos, pero sí psicológicos y no sólo por parte de mi marido sino también por mi suegra. Mi decisión de separarme hizo que los malos tratos sólo llegasen a hundirme psicológicamente, pero también que no encontré ningún apoyo en la ley de la que tanto se habla. Tuve que dejar a mi hijo durante los dos meses que tardó el juicio de previas, tuve que oír duras críticas y llegué a considerarme horrible por irme de mi casa. Y me pregunto para qué sirve denunciar si eres tú la que tienes que abandonar todo y tu marido se queda libre, sin pena ninguna y lleno de razón.

M. F. Ourense





# Muller, cigana,

LIDIA NOVOA

No traballo de antropoloxía do xénero titulado «Soy mujer, soy gitana, soy lesbiana: Aproximación a una realidad social», Eva M.<sup>a</sup> Tuya (Campus de Toledo) realiza unha investigación sobre o estatus da muller na cultura do pobo cigano asentado no Estado Español e sobre as múltiples discriminacións que sofren as mulleres ciganas lesbianas. Para a autora este traballo significa unha primeira toma de contacto con esta realidade tan próxima e tan descoñecida, que agarda retomar no futuro máis en profundidade e con máis medios.

Na investigación contextualiza as orixes e a historia do pobo cigano dende o século XV, as persecucións as que foi sometido en toda Europa entre os séculos XVI e XVIII (considerados unha ameaza en case todos os países de Occidente polo seu xeito de vivir, o nomadismo, a lingua, a estética, o seu sistema de valores, normas e leis), e o asentamento dos ciganos no Estado Español, para adentrarse a continuación nas características propias e diferenciadoras que configuran a cultura cigana, a súa organización social, o reparto de papeis na fa-

milia, o status sexual e os grupos de idade, o sistema de matrimonio entre os ciganos, focalizando logo a atención na cuestión do xénero. Pasa despois a presentar as mulleres lesbianas coas que contactou expoñendo a situación persoal e a historia de cada unha delas: unha parella de ciganas, unha parella mixta de cigana e *paia*, e unha muller (de pai cigano e nai *paia*) lesbiana, sen parella. Completa o traballo un anexo co contido da entrevista telefónica que mantivo coa parella das dúas mulleres ciganas.

O sistema de matrimonio entre

os calós –di a autora– é un piar fundamental da súa cultura e o que marca as diferencias coa sociedade *paia*, porque determina o parentesco cigano, sobre todo se se combina con pautas de residencia delimitadas polos pactos matrimoniais. O ideal de matrimonio na cultura cigana é a monogamia de por vida, un vínculo que se establece non só entre dúas persoas, senón que afecta aos membros das dúas familias enteiras, aínda que en realidade se trate dun pacto entre dous grupos de varóns para os cales a muller constitúe un obxecto de intercambio. Polo tanto o matrimonio presenta un carácter de necesidade, existindo un baixísimo índice de celibato, sobre todo nas mulleres. Isto produce nas persoas de ambos sexos o sentimento xeneralizado de que non se é persoa *com-*

blica en cerimonias de exaltación étnica. Esta esixencia comporta un maior control das nenas e rapazas adolescentes e contribúe a considerar a feminidade como unha condición perigosa, a súa sexualidade como ameazante para ela mesma e para o grupo ata que sexa reducida e recluída no matrimonio. Polo tanto, sexo é igual a matrimonio e a vulneración desta norma trae graves consecuencias.

Por outra banda, a nenez breve e a case inexistencia de adolescencia das mulleres ciganas implica graves carencias formativas e educativas para elas. Tralo seu matrimonio chegará a acumulación de tarefas domésticas e de responsabilidades

da pola comunidade, atopará non só a negativa dos varóns, senón tamén doutras mulleres de xeracións diferentes á súa que nese momento das súas vidas xa contan con certas parcelas de autoridade.

Certamente é unha investigación que non resultou doada, dado o hermetismo das comunidades ciganas cara á homosexualidade. A resposta das persoas ás que a investigadora lles formulou a pregunta era sempre unánime: entre os ciganos non existen esas cousas de *paíos*. Os homes son moi *machos*, se acaso hai algún «mariconcete» no mundo do «artisteo», pero xa se sabe que é un mundo peculiar. Das mulleres xa nin se fala.

[...] certamente non hai lesbianas entre o pobo cigano, pois xa eles se encargan de «adaptalas a presión» ás normas do grupo, ou ben elas mesmas buscan o xeito de abandonar o entorno familiar e social coñecido

# lesbiana

*pleta* sen casar. Os fillos son obxectivo fundamental da unión, de maneira que é a chegada dos fillos o que confirma o casamento.

A idade de entrada no matrimonio é para as mulleres ciganas moito máis baixa do que comunmente é para o resto das mulleres do Estado Español. Este matrimonio adolescente ten unha influencia decisiva para os familiares, cunha gran dependencia da recente parella dos pais de ambos, o que determina o seu lugar de residencia e a tendencia a endogamia étnica casando entre parentes.

A virxitude da noiva é outro rasgo decisivo, que habitualmente se traduce na súa demostración pú-

laborais e o control por parte das súas sogras, control que obviamente non favorece a autonomía, a formación educativa, profesional nin emocional das mozas ciganas. Nunha sociedade dominada estritamente polos varóns, as ciganas son seres de segunda categoría, con menos dereitos e moitas máis obrigas, mulleres ás que sen a penas formación se lles esixirá seren espelidas, emprendedoras e capaces de sacar adiante as súas familias.

Con este panorama é obvio que xurdirán moitos conflitos cando unha muller cigana decida que que-  
re facer na súa vida outras actividades ou funcións diferentes a aquelas para as que foi programa-

A triste conclusión de Eva M.<sup>a</sup> Tuya é que certamente *non hai lesbianas entre o pobo cigano*, pois xa eles se encargan de «adaptalas a presión» ás normas do grupo, ou ben elas mesmas buscan o xeito de abandonar o entorno familiar e social coñecido, sabendo que moi probabelmente nunca poderán volver a el. Hai, entón, *mulleres lesbianas de etnia cigana*. O medo que estas mulleres lesbianas teñen que afrontar e superar é inmenso, primeiramente ao recoñecerse a si mesmas o seu lesbianismo, despois ao estar dispostas a vivilo, porque son perseguidas, vixiadas, e na maior parte dos casos maltratadas fisicamente polas súas familias e in-

cluso polos seus veciños e veciñas, maltrato extensivo as súas parellas, sexan estas ou non de etnia cigana.

Que solucións poden atopar estas mulleres fóra da súa comunidade de orixe, sen preparación académica nin profesional, sen recursos económicos, sen axuda de ningún xeito por parte de ningunha sociedade e perseguidas polo «longo brazo cigano»? En moitas ocasións vense obrigadas a retornar coas súas familias acatando a heteronormativa obrigatoria ou ben agochando as súas relacións, co risco de seren descubertas.

No caso da parella de mulleres ciganas que Eva M.<sup>a</sup> Tuya entrevistou, ambas recorreron a unha asociación caló en Córdoba, pero o responsábel, comprometéndose persoalmente e arriscando a súa seguridade, non conseguía atoparlles

moitas oportunidades laborais. Acudiron ao Instituto de la Mujer, dispostas a presentar unha denuncia por malos tratos e optar a unha casa de acollida, mais a resposta recibida era *que non encaixaban* (unha vez máis!) *no perfil*. O responsábel da asociación que intentaba proporcionarlles unha axuda real está convencido de que a falta de interese das institucións ás que recorreron estaba motivada por seren elas ciganas.

Malia que as asociacións de calós insisten en que a situación da muller cigana está cambiando, que ten experimentado moitos avances, a investigadora pregúntase como e cando chegarán eses cambios ás mulleres ciganas do rural e de barriadas marxinais. A pregunta seguinte é cando este pobo tan perseguido será consciente de que

preservar a súa especificidade non pode ser a escusa para conculcar desta maneira as liberdades e dereitos das persoas. A sociedade non cigana, por outra banda, co seu arraigado racismo, clasismo, sexismo e homofobia, que ten a gala o seu desenvolvemento social na igualdade das persoas ante a lei, cun catálogo de dereitos, condena a estas persoas a unha múltiple discriminación: pola súa etnia cigana, por non teren recursos nin posibilidade de acceso a eles cando demandan axuda, por mulleres, por lesbiana.

Benvida sexa esta e futuras investigacións que poñan ao descuberto as múltiples facetas da realidade nas que se manifestan todas as miserias desta tan desenvolvida sociedade. ■

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres

**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería da Muller




## Entrevista con

ANA ARELLANO E LAURA GÓMEZ

Comezou no café Dakar como entrevista en dúas linguas e a tres voces (Laura e Ana inquirindo e ampliando as preguntas, Renata respostando) e a menos da metade converteuse nunha conversa moi grata, na que tamén Renata preguntaba, na que unhas e outras falabamos en portugués, en galego, en castelán, cambiando de rexistro, mesturando as linguas nun afán de expresámonos mellor ou de mellor comunicámonos. Ás veces a cafeteira impuña o seu bufo de auga quente as nosas verbas, ás cancións, aos poemas, á evocación dos lugares da memoria de

Renata, como querendo demostrar a súa competencia fronte a esta muller prolífica, dunha intelixencia tan áxil e humana, cunha corrente vital tan potente como unha forza máis da espléndida natureza do seu país. Renata Pallottini, poeta, narradora, dramaturga, ensaísta, traductora, conta aos seus 73 activos anos con moitísima obra publicada e ten visto representadas algunhas das súas propias pezas teatrais. Exerceu como avogada, profesora universitaria e guionista de televisión, con traballos de diferentes formatos, como o programa infantil «Vila Sésamo» e moitas telenovelas. Foi presidenta do Centro Brasileiro de Teatro e directora da Escola de Arte Dramática da EAD/USP en São Paulo. Entre os seus moitos galardóns literarios acadou o «Prêmio Jabuti de Literatura» en 1997, concedido pola Câmara Brasileira do Livro.

# Renata Pallottini



A. Que fai unha paulista viaxeira tan inqueda en Compostela?

RP. Eu sempre gostei destes lados, dos lados ibéricos, da Península Ibérica como un todo. Xa estiven aquí estudiando por un ano en Madrid en 1960 e foime todo tan ben que alí tiña a sensación de que aquí na Península Ibérica eu era feliz e tense confirmado iso, de maneira que sempre que me convidan para acá eu aceito. Desta vez veu ese convite da Universidade de Santiago a través de Marcelo Martínez, agora sei que viña anteriormente outro de Margarita Ledo, entón eu non sabía, cando chegou deixei todas as demais cousas de lado. Tiña outro anterior para Nova York, que non me entusiasmaba grandemente, cando eu vin que había este para España e para este lugar puxen todo o demais de lado e non me arrepentín. Eu síntome moi ben aquí, a única cousa que me doe é ter que marchar, todo me ten saído moi ben, teño dado aulas dunha materia que me agra-

**Eu son así, cando quero falar de cousas moi íntimas, é poesía; cando quero falar de cousas que atinxan inmediatamente ás persoas, así unha pancada inmediata, é teatro... Cando quero deixar as cousas máis claras para min mesma, pasar a limpo as experiencias, é novela**

da moito, que é dramaturxia ligada a televisión e teño un bo trato coas persoas, cos alumnos, cos colegas, coa universidade, coa cidade, cos amigos e as amigas. De maneira que ese convite foi o que me trouxo aquí, e chegou ben enriba da hora, ti ven pouco tempo para me organizar, un mes, para deixar todo en São Paulo acertado. Eu estou retirada xa da universidade, mais de calquera maneira teño traballo aínda alá, postgraduacións... Preguntei a Fifi se ela quería vir, se viñamos xuntas, ela dixo que si, que quería, que era bo e viñemos e estamos moi ben.

A. O que en principio chama poderosamente a atención ao botar unha ollada a túa traxectoria profesional e literaria é a cantidade de obra producida e publicada de todos os xéneros, aínda que con especial relevancia da poesía, e os moi diferentes ámbitos de actividade nos que te ocupas. Cal é o fío conductor que vai ensartando todas esas actividades?

RP. Cando comecei, eu era moi nova, comecei facendo poesía, é unha actividade moi lírica, máis interna, máis subxectiva. Despois eu apaixoneime polo teatro e comecei a escribir pezas de teatro, dramas e comedias. Despois diso escribín para a televisión, como guionista. Estudiei tres anos na escola de dramaturxia, así que terminei convidáronme para ser profesora e aceptei. Cando entrei na docencia era obrigatorio facer unha carreira, é



dicir, defender teses, adquirir títulos, o de doutora, para poder seguir traballando na universidade. A miña tese de doutoramento eu transformei nun libro. Aí pensei que me gustaba escribir sobre o asunto tamén, así que escribín outro libro e logo outro de teoría literaria. En 1988 fun a primeira vez a Cuba, pasei alá seis meses e voltei coa cabeza moi confusa, porque fun para Cuba chea de ilusións pensando que Cuba era a utopía conseguida, a utopía feliz, cando cheguei decateime de que non era exactamente así e eu non conseguía esclarecer os meus sentimentos. Escribín entón unha novela que se chama *Nosotros*, que é Cuba pasada a limpo na miña cabeza, todo o que eu tiña atopado de moi bo e moi fermoso, todos os conflitos e roces... Así que percibín que eu estaba escribindo unha serie de cousas diferentes e aí foi que me din conta de que para min escritor é aquela persoa que escribe, calquera cousa, do xeito que lle sexa adecuado para cada momento. Eu son así, cando quero falar de cousas moi íntimas, é poesía; cando quero falar de cousas que atinxan inmediatamente ás persoas, así unha pancada inmediata, é teatro, porque no teatro ti falas e eu respondo no momento; agora en televisión, por exemplo, unha fala para un resultado, mais non se sabe cal é, porque o resultado non é inmediato, no cine tampouco. Cando quero deixar as cousas máis claras para min mesma, pasar a limpo as experiencias, é novela. Só me falta escribir para o cine, do resto xa fixen de todo.

#### A. Tamén tes literatura infantil...

RP. Ah, si, tamén literatura infantil, iso foi un encargo, escribir un conto para nenos e eu escribino, entón a persoa que mo pediu díxome que escribira máis e eu escribín máis. Fixemos un libro de proba e vendeuse, entón animoume a seguir escribindo. A única cousa que vendía e vende na miña produción é a literatura infantil, véndense miles e miles e miles de libros, o resto non, é o meu destino. A poesía vende pouquísimo, o teatro algunhas veces ten moita aceptación, un bo público, a televisión xa non se sabe que público ten, pode que millóns de persoas, participei en certos proxectos de televisión que deron millóns de espectadores, eu non sei, é unha cousa incalculábel, unha non ten como saber iso. Mais os libros infantís, unha pode saber o número e difundir os libros que vende, e é agradábel, aínda que eu non tiven fillos nin irmáns –a miña infancia foi moi solitaria, a miña madurez non– eu consigo comunicarme ben coas crianzas. Probabelmente eu volto

moito a miña infancia solitaria, ás ferramentas que usaba a miña imaxinación para divertirme, volto a dialogar comigo mesma noutros tempos.

#### A. E tamén traducións...

RP. Traducións si, tamén, iso depende máis dos convites, traducín moito para teatro. Traduzo do inglés e do español principalmente. Sábese que eu traducín moito teatro e por iso me buscan, sábese que eu sei español, que coñezo España... Lémbrame que cando foron facer en São Paulo *Divinas palabras* de Valle-Inclán, buscáronme porque precisaban alguén que coñecese Galiza, ao autor., o significado de moitas cousas. Aí eu lémbrame da miña única dúbida, que ata hoxe me machuca, eu non sabía que *Miguelito el padronés* era de Padrón. O profesor me preguntaba que quere dicir *padronés* e eu non sabía. Cando pasei por Padrón a primeira vez pensei ¡que erro!, a xente cre que sabe todo e non sabe.

Gústame moito traducir, principalmente teatro e especialmente teatro español, Calderón, Lope, Cervantes... Remato de traducir estes días *La celiestina*, é difícil mais gústame moito.

#### A. Supoño que unha das túas primeiras actividades laborais na Tipografía Pallottini, que entendo sería un negocio familiar, dalgunha maneira deixou unha pegada. Como influíu na túa primeira relación coa escritura?

RP. Deixou unha marca moi grande. Eu era unha empregada, aínda que fose neta do dono, traballaba como unha empregada máis, era revisora ou correctora. Achegábame moito aos operarios, era unha tipografía grandona, con uns cen operarios. Por entón o tipógrafo, o impresor, as persoas que traballaban coas letras, cos libros, eran operarios moi esclarecidos, moi participantes ideoloxicamente, eu sei que finalmente a maioría deles era comunista. Lían moito e sabían ler. De maneira que a miña coincidencia con eses operarios deume unha visión do mundo moi diferente da que eu tiña como filla de familia ben, de neta de industrial. Esa relación foi o que me deixou de máis importante.

#### A. O ano 1988 parece ter sido especialmente produtivo para ti, cinco títulos publicados, tres de poesía e dous ensaios, unha estadia en Cuba e unha viaxe a México...

RP. Aparte doutras cousas [risas]... Foi un ano moi importante, foi o ano que eu coñecín Cuba, que, como xa dixen, tiña moi idealizada, era unha visión dende fóra, xuvenil. Pasei alá seis meses,

**...dicir cousas esenciais usando palabras sinxelas, que se entendan, é máis difícil, iso é o que quero, non sei se o consigo**

procurei entrar en todas as casas, os lugares, os varios estamentos, coñecín persoas moi ben localizadas, próximas as esferas de poder, e as persoas máis humildes, máis desposuídas e cheguei á conclusión de que a revolución cubana foi unha cousa extremadamente ben intencionada, fixo unha mudanza grande no mundo, non só en Cuba, mais por outro lado ten innúmeros problemas, estivo chea de preconceitos, foi moralista, o comunismo naquela altura aínda era moralista. O pobo sufriu e está sufrindo, é unha cousa da que dificilmente se pode ter idea cando non se está alá, pasaron fame, verdadeira fame, tomaban o arroz só, pola mañá antes de ir para o traballo tomaban infusión de calquera herba que tiveran no xardín, cecimbre..., unha infusión con bastante azucre, que dá enerxía no momento, mais faltaba alimento de verdade, proteína... sufriron moito... Entón en 1988 foi o meu contacto coa verdadeira carencia, coas verdadeiras necesidades, co puro heroísmo... Hai cousas maravillosas en Cuba, a visión que eles teñen da medicina, das relacións do íntimo entre paciente e médico en ningún lugar existen, é dunha beleza, dunha harmonía, dun respecto mútuo..., non se encontra noutros lugares, porque o médico no capitalismo é un individuo que ten poder, fala ben difícil, ben atrapallado, de xeito bastante confuso, de maneira que poda cobrar bastante máis valorizando a súa sapiencia. En Cuba non é así, o médico sabe moito si, mais coloca a sabedoría da ciencia ao servizo de todos, é unha concepción marxista o feito de que a ciencia sexa levada ao pobo, non pode ser un saber pechado que só algunhas persoas teñan. Así que a medicina en Cuba é unha cousa extraordinaria, eles non teñen recursos, non teñen máquinas, non teñen moitos aparellos, non teñen moitos laboratorios, non teñen moitos remedios –agora faltan libros– eles non teñen posibilidade de comprar todo o que sería necesario... Unha cousa que me esquecín de dicir é que a miña primeira profesión foi de avogada.

A. Si, resulta curioso en certo sentido, é unha profesión relacionada co ámbito das letras, hai moita tradición de avogados que escribiron e escriben, polo menos nas letras do mundo hispano... Resulta sorprendente porque tamén é unha profesión dunha linguaxe ben escura.

RP. Exactamente, por iso coñezo como a xente sabe usar esa arma para que dea diñeiro, dicir as cousas complicadas, bastante latín..., os colegas que traballan niso pensan que se falan con simplicidade aos clientes para explicar as cousas perden valor, que non poden impoñer a súa superioridade. En tanto que nos lugares onde se deron conta de que todos estamos á mesma altura, o médico é igual co paciente, como antes dicía.

A. Supoño que ese proceso, esa vivencia e esa reflexión sobre a linguaxe é o que te leva a decantarte por unha poesía de carácter social, cunha linguaxe moi sinxela.

RP. Eu cheguei a iso exactamente por ese camiño, a través do interese polo social. Creo que xa naceu en min pola familia mesma, son neta de anarquista, son filla dunha familia de conviccións socialistas moi fortes. Despois, por un camiño de achegamento ao pobo, ao operario, á muller, ao máis humilde, ao máis modesto, e falando dunha maneira aprensíbel, porque facer experimentos de tipo lingüístico é moi sinxelo, facer xogos de palabras, criptogramas, virar palabras... é moi fácil, é un entretemento. Agora, dicir cousas esenciais usando palabras sinxelas, que se entendan, é máis difícil, iso é o que quero, non sei se o consigo.

A. Ti estiveches en contacto coa emigración española en São Paulo, non?

RP. A emigración está moi ligada á miña vida. Eu son neta de emigrantes (as dúas avoas e os deus avós) italianos. Por un lado eran urbanos, de Roma, e foron ao Brasil por causas sociais, unha bisavoa separouse do marido e fuxiu do home que ela non quería, e levou ao fillo, que era o meu avó. O meu avó materno era anarquista e fuxiu da policía. Outro bisavó era labrego e marchou por causas económicas. Na miña historia familiar mestúranse, polo tanto, varios tipos de emigración. Cando nós estabamos na ditadura, fixemos contacto cun grupo de exiliados españois e procuraron o apoio de varios escritores, o meu entre outros, para que lles désemos forza para facer o primeiro monumento a García Lorca no mundo, o monumento de São Paulo foi o primeiro. Naquela época aquí non se podía, alá si, porque como os ditadores

son burros consideran que facer un monumento a un revolucionario doutro país non fai mal. Ese grupo, curiosamente reuniámonos no Centro Galego, que era o máis organizado e o máis forte. Alí comezamos a traballar, conseguimos facer o monumento e fixemos dous ou tres espectáculos teatrais, un dos cales foi *La celestina*.

**A. Hai un aspecto interesante das telenovelas do Brasil, aquí considéranse un produto para marujas, alí téñenme contado que gozan de moito prestixio, que son interpretadas por actores e actrices de gran relevancia, que teñen moita audiencia...**

**RP.** Acontece que unha cousa é a telenovela brasileira e outra é telenovela brasileira exportada. Se se exporta, o país que merca escolle entre varios produtos. Se se trata de países de América Latina, escollen mal, escollen o peor melodrama que é o que lles gusta. En México, en concreto, non sei por que, o público ten moi mal gusto en relación á telenovela, gústalle moi ridículas, moi bobas, moi melosas. Nós temos telenovelas moi boas,

**Para aquí, para Europa, e en concreto para España vendéronse telenovelas moi burras, moi primarias, moi pouco refinadas, literariamente moi pobres e nós perdemos o mercado por causa diso**

cunha liña de acción voltada para o social, temos comedias humorísticas estupendas e intelixentes, policíacas, de aventuras... Cada día emítense seis ou sete telenovelas na televisión, entón hai cinco horas de emisión de telenovelas. Para aquí, para Europa, e en concreto para España vendéronse telenovelas moi burras, moi primarias, moi pouco refinadas, literariamente moi pobres e nós perdemos o mercado por causa diso, porque erradamente TV Globo, que é a maior exportadora, supuxo que o que vendía en América latina se podía vender tamén a Europa, sen ter en consideración que o público europeo é moito máis refinado. Curiosamente en Portugal vendemos todo o que quixemos, tamén lles gusta o melodramón, España é moito máis esixente e os outros países europeos aínda moito máis.

**A. Cun dos teus primeiros libros ganaches un premio de poesía feminina, supoño que tamén no Brasil se produciu ese debate de se hai unha literatura feminina, un xeito de escribir propio das mulleres. ¿Cal é a túa opinión ao respecto?**

**RP.** Eu creo que hai unha maneira de escribir feminina, do mesmo xeito que nosoutras temos algunhas características que non teñen os homes. Respostaría que si hai unha literatura feminina, se non se crea a falsa impresión de que hai unha inferioridade nesa comparación. Na medida en que nosoutras somos seres especiais a nosa literatura ten que nos reflectir, agora iso nunca debe ser tomado como un síntoma de que tratamos de asuntos menos importantes, banais.

**A. A túa relación con Gloria Fuertes marcoute moito, non?**

**RP.** Moito, moitísimo. Hai un tempo para min antes e despois de Gloria. Era unha persoa moi especial, unha persoa que me recibiu cos brazos abertos nun momento moi malo da miña vida,



como unha irmá que foi, a que nunca tiven. Un amor moi especial que non chegou a ser configurado como amor, porque nós as dúas estabamos entón cadaquén coa súa relación e non nos permitíamos pensar en mudar naquel momento as nosas vidas. Tal vez por iso durou toda a nosa vida ata a morte dela cun grao de intimidade inmenso. Nós trocábamos todo, poemas, experiencias, eu chegaba a Madrid sen avisar e a xente se xuntaba na súa casa, ela dicía que só tiña «un vino de obrero». Gloria tiña moito espírito, sentido do humor, pasabamos o tempo charlando, rindo, xogando... Miña nai, as miñas amigas, Fifi coñeceron a Gloria. Eu creo que na poesía publicada de Gloria existen moitos fragmentos, tentativas, ela precisaba de alguén que a acompañase na súa produción e que a aconsellase. Ela, despois da morte de Chelo voltouse moi solitaria. Eu boto moito máis fóra do que gardo.

**Os indios teñen remedios que servirían para curar moitas enfermidades para as que na chamada civilización aínda non se atopou tratamento. Se a aproximación a eles se fixese con respecto, amigábel, intelixente, eles poderían facer moito por nós**

**A. Cal é a túa opinión da presenza da Igrexa Católica a través dun home como Pedro Casaldáliga no Mato Grosso?**

RP. O Casaldáliga ten unha influencia moi grande sobre movemento campestre do interior do Brasil, Mato Grosso e Goiás. Eu teño unha enorme admiración por ese tipo de actividade que certos sacerdotes católicos teñen tido no Brasil, en lugares moi perigosos e desolados. Eu non entendo moito da Igrexa Católica, mais considero que certos teólogos fixeron moitísimo ben para o Brasil. Existen aínda indios no Brasil que teñen moi pouco contacto coa chamada civilización, coa xente branca, ou ningún aínda en certos lugares da Amazonia, por sorte deles. O Casaldáliga é unha presenza importantísima nese ámbito fronteirizo coa Amazonia. A primeira cousa que leva o home branco para o indio é a doenza, doenzas para as cales eles non teñen defensas. Moita xente aproximase ao indio para exploralo ou para matalo para tomar conta das súas terras, as que teñen dereito, ¡teñen dereito ao Brasil enteiro! Teñen que vivir coa súa cultura, coas súas tradicións e crenzas.

Os indios teñen remedios que servirían para curar moitas enfermidades para as que na chamada civilización aínda non se atopou tratamento. Se a aproximación a eles se fixese con respecto, amigábel, intelixente, eles poderían facer moito por nós. As indias saben exercer o control de natalidade, non procrean se non crean. Coñecen tintas, velenos, contravelenos... Todo iso teñen dende tempos moi antigos. Sábese que había un camiño que viña de Cusco (Perú), baixaba da montaña, atravesaba a selva e viña ata o outro lado, ata o Atlántico. Eles tiñan medios de saber noticias, a través de mensaxeiros que se ían alternando e traían cousas. Hoxe en día coñécense anacos dese camiño, mais non o camiño enteiro. A nosa loita é non permitir que os laboratorios internacionais entren na Amazonia para tomar conta daquilo.

**A. Estás vencellada a algún grupo ou movemento feminista do Brasil?**

RP. Non estou vinculada a ningún grupo propiamente, considérome unha feminista independente. Gústanme os homes, eu considéroos compañeiros, non inimigos, os homes interésanme moito. Eu son homosexual, non teño interese sexual polos homes, mais teño todos os outros intereses posibles, quero telos como amigos, como compañeiros, como colaboradores..., só non quero telos na cama. Lévome moi ben con eles.

**A. Ti consideras que hai diferenza no xeito de estar na vida e nas posibilidades que teñen mulleres e homes?**

RP. Ah si, certamente, os homes teñen todas as vantaxes, todo está aberto para eles, a partir do nacemento, eles son festexados, naceu un varón: ¡Ai, Deus, que marabilla!; naceu unha muller: ¡mmm...!, máis ou menos ela naceu saudábel... ¡¡será moi lonxeva!!... Agora a muller está subindo, aprendeu que ten un lugar no mundo, está loitando, nun mundo aínda dominado polos homes, claro, onde unha muller ten que esforzarse moito máis que un home para demostrar que vale. Mais por outro lado eu atopo os homes simpáticos, eles xogan ao fútbol tan ben... Vós estades nun momento do mundo en que a muller está subindo. ■

A primeira condición para non ser ladrón é ter cubertas as necesidades básicas, mais se estas non o estivesen, como está a acontecer no Brasil con millóns de persoas, é difícil esixirlllo a un miserábel que vive na rúa, que non ten baño, que non ten onde se lavar, que non ten enderezo..., a esa persoa está faltándolle o mínimo para ser un verdadeiro ser humano, dentro dos patróns do ser humano actual, precisa comer, ter roupa, ter unha vivenda para si e para a súa familia.

É moi común entre os mendigos de São Paulo ter cachorros, é unha forma de ter un afecto de alguén fiel, que non esixe nada, que pide pouquísimo, que fai compañía, que aquece no inverno, é preciso ter alguén de seu. Beben, claro, porque teñen frío, teñen fame, porque se senten tristes, teñen depresión. A riqueza do Brasil está concentrada no 5% da poboación, o resto somos nós os felices, os que temos para vivir, para comer, temos unha casa, e a gran maioría que está moi moi mal. Que se pode facer?, escribir, protestar, reclamar, chamar a atención...?

#### Sobre a injustiça

*Sou mulher  
brasileira  
bem comida.*

*Aqui nasci,  
vivi como todos os outros.*

*Se não roubei,  
matei,  
foi que não precisava.*

*Abram os tribunais  
prisões  
e admitam-me nisso:  
tive tudo o que outros  
não tiveram.  
Só por isso é que fomos,  
senhores,  
inocentes.*

*Entremos nas prisões  
e que saiam os pobres.*

*Tudo o más é,  
Senhores,  
Fantasia.*

O noso antigo presidente é meu amigo, el dixo unha vez que nós estabamos con problemas na previsión porque as mulleres retiradas estaban sendo máis lonxevas, como se iso fose un problema, entón eu non tiven dúbida de escribir un problema chamado «Mulher longeva» e mandarllo. Despois o presidente díxome que o lera e que tivera en conta.

#### Mulher longeva

*Quando nasceu menina  
O avô disse: «que pena».  
Cresceu, a pesar disso.  
Uma criança morena.*

*Conseguiu completar  
O quarto ano do grupo.  
Ajudava na casa.  
E se acabou o estudo.*

*Casou jovem e virgem.  
Não lhe valeu de nada.  
Fez docinhos caseiros.  
O marido a espancava.*

*Também fez seus três filhos.  
Para não fazer mais  
aceitou coito oral,  
aceitou coito anal,  
aceitou coito anual.*

*Hoje, aos setenta anos  
faz fila em hospitais,  
recebe uma pensão  
de cem reais mensais*

*E está ai, sobrevivente.  
Incomodando o Presidente.*

Isto vén dunha vella canción de rolda. O Carlos Drummond fixo un poema un pouco baseado nesa canción infantil e eu seguín o camiño del con máis amargura. São João do Meriti é un suburbio do Río de Janeiro, ruín, feo, violento, terríbel. Camioneira no Brasil é unha cousa de moito coraxe, suxeita a violación, a roubo..., unha muller para ser camioneira precisa ser moi valente. Os estuprois fixéron a Teresa moi forte e resistiu a punta de faca.

### Estupro

À MANEIRA DE CARLOS DRUMMOND

O primeiro  
Foi seu pai  
O segundo  
Seu irmão

O terceiro  
Foi aquele  
Que Teresa

Matou com três golpes de faca,  
Fugindo depois para  
São João do Meriti.  
Onde hoje exerce a profissão de  
Camioneira.

Xa de volta en São Paulo (e algún tempo despois de feita a entrevista), Renata regalounos cun poema que escribira en Compos-tela, pouco antes de marchar, coa súa persoal percepción simbólica desta cidade. Pareceunos do máis oportuno que aquí sexa a súa primeira edición.

### A Caminho de Santiago

Muito antes de ti sonhei contigo.  
Eras menor e menos  
E te faltava o alento  
Que depois encontrei nos cães  
E nos momentos  
Molhados de tuas chuvas singulares;  
Que depois encontrei nos teus altares.

No meu sonho eras menos.  
Tu não cabes nos sonhos  
És pura realidade.

Tuas ruas no sonho  
Eram muito simétricas  
E tu não és assim,

És um poema sem métrica

E ademais em latim vulgar

De Idade Média

Vulgar porque do povo e das mulheres  
E das crianças inventando os teus dizeres,

Vulgar porque das gárgulas diabólicas

Feitas para espantar o Mal

Quando dormem as bruxas

Escapadas das bússolas fingidas

Latim vulgar

Porque começa a vida.

Em ti começa a vida e seus caminhos.

A cada ser o seu, de pisadas e santos.

Arremeso possante

De promesas

Juvenis desafios, troços de possessos,

Abraço ao Santo,

Tumba de passados.

No sonho tu nascias de ti mesma  
a Como nascem os trens das estações.

E havia grandes letreros em tuas paredes

Que depois vi transformados em pedras

Porque todas as pedras dizem coisas

E há que saber qué dizem

Para entender as coisas

Que estão dentro das pedras

E são gloriosas.

Mas o teu ser doía.

Propunhas ao meu ser uma partida,

Um jogo cego em que todos perdiam:

Logo ao entrar cu soube que saíra.

Logo ao entrar

Que não serias minha.

Teus vinhos de beber, humildes vinhos,

Nas tardes de dormir tuas ruas vazias

Todo teu corpo fiel de mulher das antigas

Tudo teu, ofegante nas ladeiras,

Tudo teu, próprio e mesmo proibido

Nos feltros e nas lãs, no frio aberto ao peito

Tudo vedado a quem

Não ganhou

Teu respeito.

E o dia de partir, que se avizinha

A cada dia avisa:

O Caminho é já findo.

Inútil é dizer

Que tudo

É lindo.



O uso do veo, *o yihab*, por parte de alumnas musulmás nas escolas públicas desatou un debate que, en Francia, desembocou na prohibición de signos relixiosos visíbeis. Neste artigo analizamos esta polémica desde unha perspectiva in-

tercultural, desvelando o conflito que subxace a ela.

Os factores e dimensións a considerar son moitos: o suceso prodúcese en Francia, país de forte tradición republicana e laica, tralo 11-S, e dentro dun mundo occi-

dental no que a política se atopa formalmente separada da relixión, o que non significa que se baleirase totalmente dela. Tamén nun sistema democrático, que ten unha imaxe do cidadán como un individuo racional, movido pola súa pro-

**A polémica dos signos relixiosos na escola pública desde  
unha perspectiva intercultural**

# Veos sobre as mulleres



## No caso de Francia, a prohibición, ao decretarse, impón unha determinada aparencia, unha ortodoxia: o laicismo móstrase como calquera relixión, coas súas crenzas e os seus símbolos...

pia vontade, o que tende a ocultar os referentes comunitarios (as comunidades de referencia) dos suxeitos, clasificando a miúdo como irracionais as condutas daqueles que non se adaptan a unha lóxica individualista e racionalista.

A polémica do veo debuxa os contornos de dúas comunidades: a das que levan veo ou aproban o seu uso, e a de quen non o leva e pensa que as mulleres non o deben levar. Desde o momento en que temos dúas comunidades, hai polo menos dúas percepcións distintas sobre un mesmo feito. Que significa levar un pano na cabeza para alguén que o desaproba?; e, que significa ese pano para quen o leva?

Respostar á primeira pregunta resulta máis ou menos fácil. Quen desaproba o uso do *yihab* interpreta que o veo é expresión de submisión e un mecanismo de control sobre a mobilidade e visibilidade en público das mulleres, intolerábel nunha sociedade que proclama a igualdade do home e da muller. Mais respostar á segunda pregunta é algo máis complicado; debemos poñernos na pel do outro, ou mellor, noutras peles diferen-

tes. Porque desde unha actitude de escoita, descubrimos que existen moitas razóns, distintos significados sobre o mesmo feito de levar pano.

O uso do pano pode ser en determinadas circunstancias un salvoconduto para saír de casa a traballar sendo muller sen violentar normas tradicionais e culturais dunha comunidade, que até hai pouco recluía a muller musulmá na esfera privada. Segundo palabras de moitas mulleres en idade de procurar home, o *yihab* tamén funciona como sinal para atraer a atención do sexo oposto xa que ofrece unha imaxe de virtuosidade que resulta atractiva. Mais o pano foi usado, por exemplo, en prácticas de resistencia contra a dobre moral das políticas aperturistas, como en Exipto, nos anos setenta, onde as mulleres mellor cualificadas recuperaron o atuendo islámico en sinal de protesta.

Nestes exemplos o veo funciona coma un símbolo, mais non necesariamente relixioso. Ademais, e isto é o máis importante, ese símbolo non está codificado de antemán. O problema é que desde fóra o veo se censura desde unha codificación concreta e obxectiva. Mais o pano sobre a cabeza en si mesmo non é nada. O veo non é o problema senón expresión dun problema.

Desde unha perspectiva intercultural o conflito é algo positivo, se a súa regulamentación é satisfactoria. A idea negativa do conflito débese a que imaxinamos a súa resolución vía imposición e violencia, e este é o problema non o feito

de que exista un conflito. A clave está en que ha de ser abordado sen obsesionarse con darlle unha solución. As solucións rápidas e drásticas non son nunca boas. É dicir, trátase de deixar de lado, posicionarse –estou en contra de que se prohíba o uso do veo ou estou a favor– para adentrarse na análise e comprensión do conflito. Temos que comezar preguntándonos cales son as claves e referentes desde onde se interpreta. E a partir de aí aprofundar nos intereses e necesidades que ten cada unha das partes que manteñen posturas contrarias. Por que defenden esa postura?; que necesidades existen detrás da postura de prohibir o veo?; e, que necesidades existen detrás dos que defenden o seu uso?

Coñecer as necesidades implica aprofundar bastante: cómpre bucear no lado non visíbel dos comportamentos, onde as comunidades de referencia, a bagaxe cultural, os modos de entender o xusto, o bo, o decente, etc. adquiren o seu significado profundo. Para chegar a coñecer o outro diferente cómpre deixar de lado a bagaxe propia, deixar de lado valoracións e xuízos e interpelar as persoas. Un achegamento deste tipo probabelmente nos leve a caer na conta de que non é o mesmo levar o veo en Arxelia que en París, non é o mesmo levarlo en idade casadeira que aos sesenta anos, mesmo fai caer na conta de que unha persoa procedente de Arxelia que vive en Francia non é unha arxeliana, tal e como viviría en Arxelia trasplantada a Francia, senón outra cousa. A experiencia migratoria supón un proceso de reidentificación psicosocial no que as comunidades de orixe e de destino xogan un papel fundamental, e na que o recoñecemento positivo do estranxeiro posibilita a súa actitude de apertura, de relación coa nova comunidade e até de contaxio por parte das culturas de acollida.





Neste contexto levar veo resposta á necesidade que ten todo o mundo de expresar quen é; pois a cultura é tamén procedemento, unha vestimenta, unha lingua, unha relixión forman parte da identidade cultural das persoas. Unha necesidade que remite a un desexo de liberdade de expresión.

Que necesidades existen detrás da postura que prohibe o veo? A comunidade que interpreta o veo coma unha discriminación negativa cara ás mulleres, coma un signo de submisión cara ao home, realiza a súa propia codificación independentemente dos distintos contextos e motivacións que poidan existir por parte de quen leva o *yihab*. Trátase dunha postura radical, na que non hai matices: o veo é sempre o veo. Sobre este elemento proxéctase todo o que significa atraso e submetimento da muller polo home. O triunfo desta perspectiva no debate público é o que aboca a solucións excluíntes e de imposición. No caso de Francia, a prohibición, ao decretarse, impón unha determinada aparencia, unha ortodoxia: o laicismo móstrase como calquera relixión, coas súas crenzas e os seus símbolos.

Hai algo máis que reflexionar sobre esta postura: o seu efecto contraproducente respecto dos aparentes obxectivos de quen a defende. A suposición de que o veo é un sinal que anula a muller, que a deixa sen voz, é o que realmente a está deixando sen voz, o que a está velando ante este debate. As suposicións do que significa o veo actúan á vez como veos que se botan sobre estas mulleres impedindo que sexan elas mesmas as que falen das súas necesidades e intereses.

Desde unha perspectiva intercultural, se cremos na igualdade debemos comenar polo que a muller é, non polo que debería ser. Se unha muller se expresa con veo, partamos de aí, recoñezámola, deámoslle voz, busquemos unha comprensión profunda das súas motivacións, se non comenzamos por aquí non hai emancipación posíbel. Detrás dos veos das mulleres pode haber mulleres libres e progresistas, se teñen a oportunidade de seren elas mesmas. O diálogo comenza cando cada parte é recoñecida e lexitimada. Ningunha vestimenta de «muller libre» pode por si mesma transformar ou liberar a ninguén.

Os conflitos son o cenario privilexiado para a creación dunha cidadanía intercultural. A partir do choque entre o que un pensa e a realidade do outro descuberta, ponse de relieve algo do contorno de crenzas dun que permanecía até entón oculto, sen cuestionamento. O choque permítenos o distanciamento de nós mesmos, necesario para aprender e medrar. Neste caso, a polémica do veo permite aprender sobre o noso temor a outras formas de relación entre cultura, relixión e política, mais tamén pode dar luz sobre en que medida o laicismo republicano occidental po-

de chegar a funcionar coma unha relixión ortodoxa a primeira vista imperceptíbel. E sobre todo, permítenos procurar solucións alternativas. Neste caso concreto, permite explorar as vantaxes de instituír unha verdadeira tolerancia igualitaria ante os credos relixiosos e ideolóxicos e sobre todo ante os usos no vestir. A clave non obstante é que calquera solución pasa pola mediación entre as partes.

En España a situación é distinta. Non só porque non vai en aumento o uso do veo islámico, senón porque nos atopamos nunha cultura de tradición fortemente católica e intolerante, e por tanto existe unha grande desvantaxe de partida para outras relixións. Precisamente a sobrerrepresentación de signos católicos no espazo público en España pode favorecer que determinados sectores da sociedade se posicionen a favor dunha medida coma a que se acaba de tomar en Francia. O artigo 42 da LOCE establece que a escolarización de estranxeiros suporá a aceptación das normas establecidas con carácter xeral e das normas de convivencia dos centros educativos nos que se integren, otorga en principio un grande poder disciplinario a cada Consello Escolar. A clave pode estar nos mecanismos de participación do Consello Escolar e na incorporación nos mesmos de pais de alumnos estranxeiros. A escola podería ser parte activa, como espazo de mediación intercultural, ante futuros conflitos dificilmente solucionabeis por decreto.

«O importante non é o que a muller leve enriba da cabeza senón o que teña dentro» reivindicábase nunha manifestación protagonizada por mulleres procedentes do mundo da política, a academia e o espectáculo en Francia. ■

# Chita,

## coidadora de nenos

 IRIA ESTEVEZ GONZÁLEZ

Tocoulle vivir unha crúa posguerra nos corenta, coa fame e necesidade, e espabilar á forza. Naqueles tempos tocaba subsistir. Vivían ben ao principio, pero de nena a vida deulle un xiro á situación familiar.

O noso pai deixounos cando era moi noviña [...] A miña nai precisaba os cartos [...] Tiven que deixar a escola porque a miña nai non podía con todo [...] Foi unha mala época, non íamos quedar sen comer, e con tres irmáns varóns, dous menores e outro maior ca min [...]

Carmen, Chita no trato familiar, comezou a ocuparse dos seus irmáns pequenos con 8 anos, mentres a súa nai ía gañar o pan onde podía. Mudáballes a roupa, dáballes o xantar... unha ama de casa moi precoz.

Comiamos o que comiamos o que podíamos [...] O límite da subsistencia, comiamos o que podíamos [...] Almorzabamos e ceabamos ás veces, xeralmente o que sobra do xantar, aproveitábamolo para outras comidas [...] Ás veces, as veciñas nos axudaban, «toma Carmen uns ovos para os teus filliños», dicíanlle á miña nai [...] Sabían que o precisabamos [...]

Chita, aproveitaba para axudar a súa nai, erguíase moi cedo, antes de que a nai fose a traballar e carentaba auga para unha señora do antigo barrio rural vigués de San Roque. Tódolos días, facía sete ou oito viaxes cun caldeiriño de auga na cabeza, duns 5 quilos por mor da súa idade, facendo a subida dende a mina do barrio ata a rúa da Rola, para encher unha ánfora daquela señora, que usaba para lavarse.

mira ti, por un bocadillo ao millor por unha perra por unha miseria [...] Pero había que comer e axudar na casa [...]

Aos 9 anos, sen deixar de lado os seus labores de nai, axudaba o seu irmán maior a gañar diñeiro. Cando tiña un pouco de tempo, e a súa nai estaba na casa, ía co seu irmán maior a recoller chatarra, papeis e outros obxectos que logo vendían. Dependían moito do que atopasen, cando non atopaban nada, non había cartos; vendían o que atopaban por quilo, ás veces con sorte sacaban unhas chicas.

## Lembranzas dunha época

Con 10 anos recién cumpridos, cando os seus irmáns eran mociños. Unha tía súa levouna para a súa casa, a traballar, esta vez sen coidar nenos. Ámbalas dúas transportaban latas de lavadura dende a rúa do Príncipe ata o seu barrio, a rúa da Rola en San Roque; en días alternos no inverno e a diario no verán. Os cartos do traballo os gardaba a súa tía, e ela, non contaba máis cun prato de comida, cando había, e un lugar onde durmir nun colchón enriba do chan.

Case aos 12 anos volveu a coidar nenos, collérona interna na casa de don Casimiro Martínez, un home importante de naviera da Armada Real Inglesa, en Montecelo.

Unha amiga do barrio, a defunta da Rosa, díxome «ti vas traballar aquí» [...] Tíñame moito aprecio e sabía que precisaba un traballo [...] A Rosa xa traballaba nesa casa asistindo, e recomendoume. ¡Que sorte tiveren, meu deus!

Facíase só cargo dos nenos daquel home, coidaba a dúas nenas Magdalena de dez anos e Elisabeth de oito, e mais un meniño de tres anos, Enrique. Cando estaba cos nenos mudáballes a roupa e se ocupaba de que comesen. Tamén xogaba con eles ás agachadas, á pita cega, á comba, ou con algún xoguete da morea que tiñan e cos que sempre soñara de pequena.

Cantos xoguetes tiñan, ¡madre de Deus! [...] Bonecas de porcelana, trenziños e coches de ferro e madeira, e lembrome dun cabaliño de madeira [...] Coma os que quería de pequena e non tiveren, non se podían comprar [...] pero faciamos os nosos propios co que atopabamos.

Ao colexio levábaos unha institutriz inglesa, e axudábaos cos deberes; e mentres Chita se ocupaba doutras tarefas, só as que tiñan que ver cos mociños, limparlles e ordearlles as habitacións, facía as camas, plancharlles a roupa. Non cociñaba para eles, na casa xa había tamén cociñeira. Daquela non lle faltaba o básico, o seu carto estaba a carón do dos nenos, era amplo e con fiestra e limpo, e incluso agasallábana cunha peza de roupa ou algo de cando en cando, un luxo para ela; pero botaba de menos a súa familia, nai e irmáns...

Tratábanme moi ben, con respecto, era unha familia moi educada [...] Queríanme moito, sobre todo os meniños, eles chamábanme Maruja [...] Sempre querían que os erguese e os preparase para ir ao colexio, e as rapazas querían que eu as peitease e lles fixese coletas [...] Pero era labor da institutriz.

Os domingos pola tarde libraba e podía ir ao baile coas amigas ou ao cine, non era todo sacrificio; pero ás oito de volta para casa como imperativo da época. Non se lembra con exactitude de cantos cartos gañaba. Lembra que a metade llo daba a súa nai e o resto quedaba con el.

Deixou de coidar aqueles nenos aos 17 anos, para casar como era costume, e comezar a criar os seus propios fillos; incluso os seus netos cando chegaron, e a seguir subsistindo traballando onde había, asistindo en casas, no peirao escollendo millo, castañas, patacas e outros produtos, para empacar e exportar

¡¡¡era o que había!!! [...].



# Medea

## a paixón e os ciumes condeados



ANA FRAGA

No ano 431, no cumio da gloria da poderosa Atenas, que aínda non vira os males que había ter na recén comezada guerra con Esparta, nin a peste que vai asolar a cidade, nin a morte do seu máis apreciado dirixente, Pericles, represéntase Medea, outra das obras inmortais de Eurípides. Inmortal foino de feito, mentres a sociedade occidental seguiu as normas e valorou as mesmas cousas que aquela

orgullosa e creativa cidade, berce de conceptos democráticos, pero transmisora ó mesmo tempo de valores ligados ás estruturas patriarcais. Medea, durante séculos, símbolo dunha paixón destructiva, e así a representa na Idade Media, Juan de Flores, como muller arrebatada, vítima de si mesma e do amor que se apoderou dela, dicindo desa forza pasional:

porque no hay quien te huya, que tú no alcanças, ni enloqueças: ni virtud que no tornes vicio; ni fuerça que no derrueques, ni flaqueça que para mal no esfuerces y las mugeres naturalmente covardes, encendidas en tu fuego, tienen esfuerzo para matar marido, parientes e amigos.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Edición crítica de Antonio Gargano, Pisa, 1981.



rexión atrasada, a Cólquide, pero ó tempo como se fose unha esposa ateniense actual, da que debían tomar unha lección, debeu parecerlles unha aldraxe: inconcebíbel esa muller apaixonada, «leoa» destrutora de todo o que lle rodea. «A Miña paixón é mais poderosa cás miñas razóns, e é ela a meirande causa dos males dos mortais» (*Medea*, vers 1170-1180).<sup>2</sup> Ós homes, ó contrario, pareceríalles insólita a condena de Iason, a quen a súa propia esposa, Medea, convertida en deusa poderosa no arrepiante final que a representa no «éxodos» (unha representación solemne que pode ir despois do desenlace dramático, pero que o completa), botándolle en cara a súa infidelidade ós xura-

cesos, espello non tan superficial como cremos, malia a extremosidade das situación que ocupan as súas páxinas. Existen as Medeas desesperadas e pechadas no círculo dun matrimonio que consideran a única situación viábel, agradábel e ben considerada socialmente e que subitamente atopan desfeito por distintas formas de abandono dos compromisos pola parte do varón.<sup>3</sup> Pero existe tamén, e isto é máis rechamante, con crecente frecuencia, a conducta destructiva do varón, que, frustrado por un divorcio ou separación arremete e mata non só á quen foi a súa esposa ou compañeira, senón mesmo aos seus propios fillos.<sup>4</sup>

**[...] a ruptura da orde patriarcal que supón a posibilidade do divorcio e outras medidas protectoras da patria potestade da muller, é o que fai visíbel, e en certa medida explicábel, a conducta violenta do home posesivo, educado como foi para ser o rei da especie e gozar do todo tipo de prebendas e privilexios na institución familiar**

A *Medea* de Eurípides foi reproducida nas diversas versións dos distintos momentos da historia de occidente, sendo unha das máis importantes a de Séneca, que aínda inflúe na recreación dunha nova *Medea* cinematográfica, a de Pasolini, que acentúa os trazos negativos da muller e os positivos dun Iasón mozo e atraínte, que é incluso un «bo pai» (ó contrario que na primeira creación de Eurípides, moito máis matizada no reparto de culpabilidades entre os compoñentes da parella que se desfai).

A traxedia, no seu primeiro momento, debeu de producir un grande impacto nos dous sectores do público: ás mulleres atenienses de clase asentada, esa figura de *Medea*, aínda que representada como estranxeira, de orixe tracio, dunha

mentos matrimoniais, e, dende o seu poder, chega a impedir ó esposo indigno, ver ou mesmo tocar a branca man dos seus fillos. É dicir, cunha cadea teatral e unha conclusión moral que reparte as responsabilidades, aínda que o arrepío que produce a conducta posesiva e destructiva de *Medea* supera con moito a condena do veleidoso e ambicioso varón.

Críticos e comentaristas das distintas reposicións e recreacións de *Medea* aluden case sempre a actualidade da figura e da lección moral da peza dramática. Iso levaríanos á conclusión de que os valores e as estruturas sociais son aínda as mesmas, inmóviles. Mais, é real ese suposto?

Unha primeira resposta poderíamola encontrar na crónica de su-

<sup>2</sup> Reflexo do estupor que producían esas mulleres de Eurípides, son as palabras que Aristófanes pon na boca das mulleres que acuden ó templo nas *Tesmoforias*, e intentan agredir a Eurípides: «Pois con cal desgracia deixa este de nos enfouzar? De cal xeito non nos ten calumniado, chamándonos adúlteras, tolas polos homes, borrachuzas, pura corrupción?». (*Las Tesmoforias*, ed. R. Adrados, Cátedra).

<sup>3</sup> Lembremos o caso da muller, xove nai de etnia xitana, que en Asturias guindou cos seus fillos polos cantís, e aínda máis escandaloso, por tratárense dun ambiente de xente «establecida», a nai dun pobo de Murcia que confesou ter matado os seus propios fillos.

<sup>4</sup> En datas máis recentes, finais do 2001 e febreiro do 2002 repítenese historias semellantes en Vigo e en Valencia. En ambosos casos os nenos morreron, uns asfixiados no coche do pai, os outros acoitelados no apartamenteo donde foran pasalo fin de semana co seu pai.

Esas «Medeas» literarias, o mesmo que as mulleres actuais dos recentes crimes só, ou principalmente teñen sentido na súa paixón posesiva, na súa desesperación, dentro dos termos dun matrimonio concebido como indestructíbel, como único obxectivo vital, como eterno



A reacción da sociedade é mais viva no caso dunha nai destrutiva. Comentarios na prensa destacan a ruptura do que se considera propio da natureza da nosa especie: «Lo que hace definitivamente monstruoso el crimen de Santomera es la imposibilidad de su comprensión» (Vicente Verdú). «Cuando la razón no proporciona ninguna pista, el cuerpo se siente náufrago y acusa una zozobra extraña» (Carmen Rigalt) «Oír que una madre ha matado a sus hijos es un escalofrío insoportable para la persona y una constatación para la frialdad» (Julio Bobes, quen se inclina pola interpretación do crime en clave psiquiátrica, de enfermidade mental). Pola nosa parte, temos de considerar estes sucesos na clase sociolóxica: na permanencia dos valores e mitos patriarcales e máis doado explicar a conduta fóra da lóxica e práctica habitual na muller, e, polo contrario, a ruptura

da orde patriarcal que supón a posibilidade do divorcio e outras medidas protectoras da patria potestade da muller, é o que fai visíbel, e en certa medida explicábel, a con-

ducta violenta do home posesivo, educado como foi para ser o rei da especie e gozar do todo tipo de prebendas e privilexios na institución familiar.

A literatura, ese outro espello da vida e do pensamento colectivo, pode tamén axudarnos a albiscar ese comezo de derrubamento do sistema patriarcal de valores. Ímonos deter en dúas obras aparecidas (unha de elas reaparecida) en datas recentes en España, ambas co mesmo suxerente título: *Medea*. A primeira, de Elena Soriano, publicada xa no 1955, foi reeditada por Plaza y Janés en 1985, nunha colección de ampla difusión. A *Medea* de Christa Wolf, publicada en Alemaña en 1998 e en España en 1998 por Debate. A diferenza de perspectivas entre ambas obras sinala tamén un cambio, alomenos incipiente, dos valores sociais e, por riba de todo, dos condicionamentos sociais que afectan á muller.

A obra de Elena Soriano fai unha perfecta transferencia da «Medea» de Eurípides ó mundo actual. Un mundo actual de xa hai cáseque cincuenta anos, o dunha España ditatorial na que non existía outra perspectiva para a muller que o matrimonio, unha sociedade na que non había a posibilidade de divorcio senón somentes un matrimonio canónico indisolúbel. É notábel nesta obra a transposición dos caracteres de Medea e Iasón ós personaxes de Daniela e Miguel. Este é, como Iasón, activo, ambicioso, e aínda que amou nun tempo lonxano a súa muller, non dubida para buscar un novo porvir, que inclúe unha nova parella para os novos tempos. Daniela conserva o seu carácter de muller casada, apaixonada, abocada a poñer todo o seu interese na súa relación de parella. A unha e a outra, a muller euripi-dea e a de Soriano son mulleres desesperadas ó se rachar esa relación, que elas crían firme. Poderían ser-



[...] é a «Medea» de Christa Wolf [...] unha Medea representada nun mundo en tránsito, onde os varóns que detentan o poder resístense a perdelo e desconfían da protagonista polo solo feito de que é unha muller forte, unha muller que posúe unha mirada crítica e unha acción propia

vir perfectamente para a moderna Daniela, que comeza comunicando cal é o seu estado a unha amiga de toda a vida, as palabras que Eurípides pon na boca da antiga Medea falando co coro:

Este acontecemento inesperado crebrou a miña ialma. Todo acabóu para min, e, tendo perdido a ledicia de vivir, desexo a morte, miñas amigas, pois el o era todo para min, ben o sabedes, o meu esposo, que resultou ser o máis malvado dos homes.

(Medea Vers.225 e ss.)

Coinciden ademais ámbolos dous personaxes no furor destrutivo de canto rodea o seu home, e, por riba de todo, da nova esposa, as dúas descritas como inxenuas mocíñas: Glauce, a filla do rei de Corinto, que morre abrasada polo máxico vestido que lle envía como «regalo» Medea, a esposa ultraxada, e a xove esposa americana que inicia a súa vida conxugal «abrasada» no mesmo leito nupcial polas revelación que, como «regalo», lle envía Daniela, un paquete de fotografías, recortes periodísticos e antigas cartas de amor, firmadas por «o teu Miguel», que revelan quén é a verdadeira dona dese home. E para destruílo tamén a el, a última revelación, a existencia dunha filla de ambos, morta hai tempo e unha serie de abortos que ela mesma provocou, sobre todo o último, moi recente. Ela, Daniela, a nova Medea, sacrificou eses posibles fillos por seguir o destino dese home, e sacrifica agora o último para destruír o froito do traidor.

A obra de Elena Soriano ha ter un interese actual cando é capaz de

merecer a atención dunha editorial de gran tirada. Ese interese apunta a unha sociedade na que permanece o sentido tradicional do matrimonio, concebido, igual que no ámbito ateniense, como obxectivo vital para a muller, nunha sociedade baseada na familia nuclear patriarcal. É así como percibimos nidiamente que a creación literaria de Eurípides non é somentes o resultado dunha imaxinación poética, mais que é tamén o trasunto dunhas estruturas determinadas, que, por outra parte e dalgunha maneira chegan ós nosos días. Esas «Medeas» literarias, o mesmo que as mulleres actuais dos recentes crimes só, ou principalmente teñen sentido na súa paixón posesiva, na súa desesperación, dentro dos termos dun matrimonio concebido como indestrutíbel, como único obxectivo vital, como eterno. Con toda razón xa Olympe de Gouges, en data tan temperá coma 1791, no medio dos cambios queridos pola revolución francesa, defende publicamente os dereitos da muller ó publicar o seu proxecto de «Declaración dos dereitos da muller e da cidadá», e tenta rachar o estreito círculo do matrimonio patriarcal, propoñendo un novo tipo de contrato que non está pensado para durar eternamente mais samente por un prazo determinado e «mentres dure o mutuo afecto», ligando ademais os dereitos de propiedade

e de transmisión dos bens de ámbolos dous cónxuxes a unhas condicións de liberdade, de axuda mutua e de complementaridade no coidado dos fillos «sexan do leito que sexan». Mais tiveron que pasaren moitos anos nas nacións occidentais, máis de doucentos no caso de España para que, sen cambiar



aínda o concepto do matrimonio, se recoñecese o dereito ó matrimonio civil, ó divorcio (aínda con moitas limitacións na nosa lexislación), e dereitos iguais para todos os fillos «sexan do leito que sexan» como dicía Olympe de Gouges.

Esas evolucións, aínda que incompletas, supoñen cambios reais na vida e nas perspectivas vitais das mulleres, tanto máis, canto maiores sexan as dimensións de recoñecemento da liberdade e da personalidade dentro e fóra da institución matrimonial. Reflexo desa nova muller, cun proxecto de vida que non se limita xa ó matrimonio,

unha muller que aspira a relacións máis amplas, unha muller que se move, por outra banda, nun mundo en tránsito cara a algo novo, descoñecido, que aínda non se ve se é beneficioso dabondo, é a *Medea* de Christa Wolf (1996): unha Medea representada nun mundo en tránsito, onde os varóns que detentan o poder resistense a perdelo e desconfían da protagonista polo solo feito de que é unha muller forte, unha muller que posúe unha mirada crítica e unha acción propia.

Non debemos deixarnos enganar pola roupaxe mítica e aparentemente «histórica» das personaxes desta obra. A súa Medea, o seu la-

tipo de cambio. A sociedade pseudo-histórica que pinta Ch. Wolf, cun lonxano recordo dun mundo matriarcal, chama a nosa atención máis que nada pola complexidade de relacións que suxire e pola variedade delas que afectan á protagonista. Medea aparece como a muller «separada de feito» mais xa relacionada con outros homes e mulleres, amigos, amigas, amante, fillos, cortesáns e políticos, ademais do seu ex-esposo, do rei, que é futuro sogro, da nova esposa. Medea é un personaxe que imita máis á protagonista do *O caderno dourado* de Doris Lessing que á antiga Medea de Eurípides, ou á desesperada

seus amigos e amigas (Leucón, o observador dos astros, Oistros, nos brazos do cal refúxiase ela, a súa antiga ama e amiga, etc.) e de ter coitado agarimoso dos seus fillos. Ese carácter de Medea, esas relacións borran o trazo máis determinante da antiga Medea: o pechamento enfermizo no única paixón polo seu esposo.

No desenrolo posterior é tamén ese carácter, fundamentalmente a súa independencia de xuízo de acción, a que crea arredor dela o odio e a envexa. A envexa da muller compracente, a que veu con ela da lonxana Cólquide, o odio de Acamante, o adiviño, favorito do

[...] E a pregunta que pon nos seus beizos  
Ch. Wolf, queda flotando no aire: «É imaxinábel un mundo,  
unha época na que eu poida atopar o meu lugar?».  
Pregunta, que, como lectoras actuais non require, penso,  
interpretación que a actualice

són, o antigo esposo, que desexa adquirir un reino, primeiro pola vía da herdanza, despois polo casamento e xogo político nunha «moderna» Corinto, tantas outras figuras reflicten o cambio dun mundo atrasado, o da procedencia de Medea a outro máis desenrolado, pero sobre todo son a expresión de relacións vividas actualmente, noutro

esposa da «Medea» de Soriano. Esta Medea de Wolf non está emocionalmente destrozada, pois o seu amor por Iasón, que xa non fora un namoramento pasional, senón un episodio máis na serie de circunstancias que uniron as súas vidas na acción, nun complexo mundo de loita polo poder, de ambicións e violencias, no momento actual, no comezo da obra, revélase como unha relación fría e distante entre os dous ex - esposos. Non existe nesa Medea nada semellante ó fogo e ó derrubamento que debuxara Eurípides. O que subliña a autora

é unha personalidade enteira, crítica, cunha grande capacidade de amor e de entrega na amizade, incluso na súa desgraciada circunstancia de estranxeira abandonada. Nesa corte de Corinto que a ten rodeada de incompreensión. Ela é capaz de recibir de dar amor ós

rei, que sabe rubir nese mundo que se supón «moderno» e «civilizado». Odio que levará no desenlace á expulsión de Medea, a condea a un ostracismo e un odio perdurábel que persiste ata a morte por apedramento dos fillos de Medea. Desenlace que remata pois non co final catastrófico provocado por ela mesma, o de Eurípides, senón que enlaza cunha versión máis antiga do mito, que se conservou en Corinto, onde, de feito, os fillos da Medea mítica, e ela mesma recibiron culto mesmo nos tempos clásicos.

Pero, segundo apuntabamos, a Medea debuxada dese xeito non enlaza somentes cun mundo esquecido, anterior ó patriarcado clásico, tal vez coa imposibilidade de reproducilo correctamente, senón que mostra semellanzas cos personaxes femininos da novela actual por canto debuxa unha muller nunha sociedade cambiante. Aque-la e esta son sociedades onde coexisten mulleres aferradas á tradi-



ción con outras mulleres que teñen espírito crítico, e un mundo de homes que tenden a se rexer pola ansia de poder e a ambición, pero no que hai tamén un oco para o home amante da verdade e o home tenro. Esta Medea non odia a Iasón, senón que se decepciona coa súa actitude compracente, coa súa incapacidade de compromiso para con ela mesma, cos seus fillos, coa verdade e mesmo co sentido común que todas esas relacións requererían. Ese Iasón, o mesmo có de Eurípides é ambicioso. Pero non é un ambicioso arrogante, senón débil, doadamente manexábel polos fios ocultos do poder na sombra do intrigante Acamante e a ensinada do poder real de Creonte. O futuro matrimonio coa filla do rei é por todo iso a súa meta suprema. Na novela sinálase pola outra banda a evolución negativa dese Iasón nos episodios culminantes do desterro de Medea, onde el habería de se definir. Lonxe de defendela, «ó fin» comprende que o que hai que facer é dominar as mulleres pola forza: «Temos que romper a súa resistencia. Somentes así descubrimos o que nos deu a natureza. Ese desexo inúndanos» (páx. 203, ed. Debate, 1998).

En canto a Medea, a noticia da lapidación dos seus fillos, episodio final desta densa obra, é o que lle fai comprender o mundo de ambición que logrou destruíla, a ela, a ela tamén nos seus fillos, e maldíce ese mundo: «Eu, Medea maldígovos». E a pregunta que pon nos seus beizos Ch. Wolf, queda flotando no aire: «É imaxinábel un mundo, unha época na que eu poida atopar o meu lugar?». Pregunta, que, como lectoras actuais non require, penso, interpretación que a actualice. ■

Boletín  
de subscrición



# andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade ..... Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  13,5 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

**Envío talón. Pago en efectivo**

**Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)**

**Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)**

Data .....

Bco/Caixa .....Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade .....Oficina .....

Dc ..... Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:



# Apaga e vamo-nos

## Libros

CUBELLS, Mariola: *¡Mírame tonto!*  
*Las mentiras impunes de la tele*  
Robinbook, Barcelona, 2003

N.S.C.

Mariola Cubells, xornalista valenciana, vén de publicar o libro *¡Mírame tonto! Las mentiras impunes de la tele*. A primeira edición é de novembro do 2003 e a comezos de xaneiro do 2004 xa está na rua unha quinta edición (Robinbook, Barcelona).

No libro, de 235 páxinas, explícase-nos, con valentía e desde dentro, como se fai a telebasura en España. Alguén que tamén traballou nese mundo e non se bota da banda de fóra.

O libro le-se fácil e axilmente. O corpo de letra é aceptábel para présbitas e, ao tempo que se pasan páxinas, unha vai-se estremecendo. Non polo que as distintas canles da tele ofrecen, porque para iso non se precisa ler este libro só hai que se colocar diante da pantalla, senón porque todos eses directos non son tais, todo está preparado ao centímetro e os seres humanos cos que fornecen os diversos morbos do público son instrumentalizados, manipulados e enganados de xeito inmisericorde. Como se violenta o dereito á honra e á intimidade de persoas anónimas sen que importe nada. A ilustración, real, da «carne picada» que Mariola Cubell nos explica é moi clara.



Os directivos e produtores na súa meirande parte están obsesionados cos índices de audiencia e teiman en que eles dan o que o público pide e desexa.

O barómetro do CIS sobre os hábitos televisivos da poboación española e a valoración da mesma que publicaba *La Voz de Galicia* o 25 de novembro de 2003, fai-nos saber que o 63% da poboación considera a televisión vulgar e pouco formativa e que só o 6% concede moita confianza ás noticias.

De xeito maioritario nas direccións das televisións están instalados señores persuadidos de que á plebe «pan e circo» abunda. Non necesita cultura, información, for-

mación, debates, bo cine, boa música. Iso está ben para a elite. Tamén os gobernantes –aos distintos niveis– pensan o mesmo. Eles, que terían algún exemplo que dar nas cadeas públicas (tan instrumentalizadas ao servizo do partido no poder) e nas súas intervencións.

Apretan a xornalistas para que levanten de debaixo das pedras «estudantes de ESO que peguen aos seus profesores e que sexan violentos», «marujas analfabetas», «gais e as súas familias», «persoas lumpen e submundos» que son arrastrados a un plató para facer-lles dicir o que previamente se preparou: Carnaza. Seres humanos aos que se converte no fai-me rir dos telespectadores porque son moi gordos ou confesan intimidades que non desexan pero para o que foron pressionados e a quen ademais non se lles paga un peso: co seu «minuto de gloria» no plató xa están recompensados. Ao seu lado, aínda que ben separados, os chamados famosos, que non ofrecen máis que infundios, rexoubeos, maledicencias, intimidades de segundas e terceiras persoas sen empacho e amosan a mezquindade e ruindade da que son capaces co estilo vulgar tan rutilante nos tempos que corren.

Xornalistas que aceptan pisar unha raia e outra e outra e cruzar todos os límites e xornalistas que deciden nalgún momento que hai límites que non queren cruzar, ou que se van e... que traballos atoparán? Xornalistas, presentadores e presentadoras son a quen lles toca o papel de denigrar e ridiculizar as persoas participantes, que nisto vén parar a arte que nos exhiben.

Última páxina do libro citado *Fóra de Pantalla*, APAGA E ÍMONOS, traduzo:


*Xa o viron. Esa televisión tan vapuleada por uns, e que algúns teóricos defenden esgrimindo razóns de democracia (confundindo os principios democráticos coa democracia agregativa, como se o que fan tres sempre fose máis democrático que o que fan dous), non é así por casualidade: detrás de cada programa, de cada informativo que se considera infame, hai unha lexión de pensantes e executores que compra, vende e fai o espazo, sen ningunha conciencia sobre a responsabilidade moral do traballo de xornalista. Lexión que manipula, terxiversa, concibe programas rastreiros, noticias perversas, edita informativos intolerables. E fai-no, facemo-lo, conscientemente, por distintos motivos. E seguindo unhas pautas.*

*Cáseque todo o mundo distingue a mala televisión, aínda que algúns teimen en criticar só «Crónicas Marcianas» e salvar todo o demais: un informativo desenfocado, parcial, sectário; un programa histriónico, deshonesto; un espacio repleto de malas intencións; unha sucesión de imaxes e palabras que mova o peor de cada un. Pero poucos saben cómo os profesionais a diseñamos e a facemos posíbel. Con este libro pretendín desvelar as pautas, para conseguir espectadores máis críticos e, se fose posíbel, periodistas máis responsabeis. Por pedir..*

Vén a conto lendo este libro de Mariola Cubells o relato *Mario e o Mago* de Thomas Mann, o gran escritor alemán (1875-1955) Prémio Nobel de literatura en 1929. Relato moi moral sobre aquel terríbel Cipolla, o mago, capaz de torcer a vontade das persoas as que hipnotiza «nun plató» de circo e ás que ridiculiza, degrada e violenta promovendo a hilaridade e as baixas paixóns e instintos no público.

É un relato escrito en 1929 e paga a pena coñece-lo. Non nos desvela os segredos da telebasura nín as mentiras da televisión española. Ofrece-nos unha reflexión moral sobre o uso e a instrumentalización dos seres humanos para escarnio

mofa e befa, degradando-nos todos á vez: espectadores, participantes e o principal facedor. Uns mirando e rindo, outros buscando a carnaza e enganando, outros apretando, outros tirando a persoas como se de panos de papel se tratase... Isto xa si, do libro *Mírame tonto!*

Os consumidores e as consumidoras podemos ¿Non debemos quizais? Baixar-lles os seus noxentos índices de audiencia, cotas de pantalla e demais. Apagando o televisor e reaprendendo a facer outras cousas, en solitario, en familia ou en grupo. Sen dúbida sairemos gañando ata que se convenzan de que a súa merda non ten por que ser a nosa. 

# Mulleres exiliadas tras a guerra civil

## Libros

RODRIGO, Antonina: *Mujer y exilio, 1939*,  
Barcelona, Flor del Viento, 2003

CELIA BALBOA

Antonina Rodrigo dedicase, dende fai varias décadas, a reescribir a historia, a historia máis silenciada e esquecida da España do século XX: a das mulleres que, ou ben polo seu propio compromiso político ou polo o dos seus homes, fillos ou pais, sufriron a cadea, a tortura, a persecución ou o exilio durante a guerra civil e os anos inmediatamente posteriores a ela.

Na súa obra tamén existen traballos e monografía dedicados a homes importantes: García Lorca, Salvador Dalí, Joseph Trueta, etc., pero son máis numerosas as súas investigacións sobre mulleres.

A autora, autodidacta e comprometida con «recuperar as figuras que merece a pena recobrar, ben sexa pola súa ideoloxía, polo seu inxusto esquecemento ou pola súa excepcionalidade moral», consegue desenterrar as vidas das máis necesarias e reivindicálas a todas, ás mellores, ás mulleres que sufriron e padeceron a ruindade e mesquindade do réxime franquista.



*Mujer y exilio 1939* forma parte dunha triloxía que leva o título conxunto de «Mujeres para la historia. La España silenciada del siglo XX», que teñen sido as súas obras máis reeditadas. Neste libro –dedicado ás exiliadas– segue a recuperar as voces e as vidas de máis de vinte mulleres: intelectuais, filósofas, xuristas, analfabetas, poetas, actrices..., algunhas máis coñecidas, como María Zambrano ou María Dolores Pérez Enciso, outras absolutamente anónimas como Rosario Sánchez Mora –«Dinamitera»– ou Elena Bonet –infatigable

nai coraxe na procura dos seus fillos encadeados–. Todas elas fuxitivas de Franco, da victoria indigna que sepultou os seus soños e as súas vidas. Unhas sufriron o exilio polo seu propio compromiso político, outras sufrírono seguindo ós seus homes, pais ou fillos. Algunhas non puideron marchar ou volveron para sufrir a cadea ou as humillacións fascistas, nun exilio interior igualmente desesperado e destructivo. Outras foron fusiladas.

*Mujer y exilio, 1939* é un libro duro, durante a súa lectura asoman as bágoas e a raíba, as bágoas por tanta dor e tanto sufrimento, a raíba, polas inxustizas cometidas, pola vergoña, que non debemos esquecer, de saber que aqueles, os vencedores de antes, seguen a ser os de agora.

En todo caso sempre asoma a esperanza e a tranquilidade de saber que Antonina Rodrigo, coa súa fonda honradez intelectual, segue a recompoñer a parte máis fermosa da historia mutilada. ■

# Axenda

## Puntos de venta

### A Coruña

**Librería Couceiro**  
Praza do Libro, 12

**Librería Xiada**  
Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume**  
Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

**Librería Michelena**  
Rúa Michelena, 22

**Librería Paz**  
Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro**  
República del Salvador, 9

**Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55

**Baba.** Área Central

**El Kiosko.** Praza de Galicia

### Ourense

**Livraria Torga**  
Rúa da Paz, 12

PUBLICIDADE



**AQUANOVA**  
VIXAS

Benito Corbal. 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

## ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE

### A Coruña

**Centro de Información dos Dereitos da Muller**  
Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n). Tel.: 981 282 044

### Santiago

**Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller**  
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.

Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

**Centro de Información dos Dereitos da Muller. Alecrín**  
Horario: 9:30 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Galeras, 13-3º oficina 6. Tel.: 981 573 913

**Centro de día para mulleres protitutas**  
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Galeras, 13, 3º-E. Tel.: 981 554 115

### Vigo

**Coordinadora Feminista de Vigo**  
Colon 9. Entrechán, oficina 4. 36201 Vigo. Tel.: 986 220 464

### Alecrín

**Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca**  
Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h. de luns a venres.  
García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8  
Tel.: 986 439 459

**Centro de día para mulleres protitutas**  
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Elduayen, 23-1º. Tel.: 986 224 193

**Centro xove de saúde sexual e anticoncepción**  
Horario: 10 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Lugo, 2-1º. Tel.: 986 443 246

### Casa da Muller

(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)  
Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963

**Plataforma de Madres en Acción**  
Pizarro, 53-5º D. Tel.: 986 417 976

### Vilagarcía de Arousa

**Asamblea de Mulleres de Arousa**  
Doctor Carus, 7 – Oficina-G. Ed. León XII

### Pontevedra

**Asesoría Xurídica Mulleribus**  
**Asamblea de Mulleres de Pontevedra**  
Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028  
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.  
**Xanela.** Apartado 90. 36810 Redondela

### Ourense

**Asociación Galega da Muller**  
Apartado 679

### S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273

Assunta Adelaide Luigia Modotti (fotógrafa e militante comunista) naceu en Udine, Italia, o 17 de agosto de 1896. Á idade de dezasete anos ve-se obrigada a emigrar aos Estados Unidos de América coa súa familia. Nese país traballará en Hollywood onde aparecerá nalguns filmes como actriz. En 1921 coñece a Edward Weston, excelente fotógrafo norteamericano, home do que se namorará e do que aprenderá o uso da cámara fotográfica.

Chega a México en 1922 e ali coñecerá a Diego Rivera e David Alfaro Siqueiros. En 1927 afilia-se ao Partido Comunista o que a levará a participar en distintas actividades: será unha activista da campaña «Máos fóra de Nicaragua», en apoio á liuta de Augusto C. Sandino; e axudará a fundar o primeiro comité antifascista italiano. En 1928 coñece a un dirixente estudantil cubano, Julio Antonio Mella (que morrerá asasinado), nunha manifestación de protesta pola execución de Sacco e Vanzetti. A principios de 1930, é expulsada de México acusada inxustamente de conspirar para asasinar ao presidente.

Instala-se na Alemaña a mediados de 1930. Viaxa á Unión Soviética onde se reencontra con Vittorio Vidali, a quen coñecera en México, o seu último compañeiro. Participa no Socorro Vermello Internacional. En 1934 parte cara ao Estado español. Depois do golpe de estado dirixido polos militares en 1936, alista-se ao Quinto Reximento e traballa coas Brigadas Internacionais até o fin da guerra.

En 1939 regresou como asilada a México onde continuou coa súa actividade política a través da Alianza Antifascista Giuseppe Garibaldi. En 1940, o goberno de Lázaro Cárdenas anulou a súa expulsión de 1930. Tina Modotti morreu, dun ataque cardíaco, o 5 de xaneiro de 1942.

A súa obra fotográfica centra-se no compromiso político, buscando reflectir as duras condicións de vida das clases populares, o que a leva a compor unha obra de forte contido propagandístico.

# Tina Modotti

